

# PLAN DE CONVIVENCIA

  

## IES LUÍS SEOANE

PONTEVEDRA, NOVIEMBRE 2016

## ÍNDICE

<b><u>1.</u></b>	<b>XUSTIFICACIÓN</b>	<b>3</b>
<b><u>2.</u></b>	<b>COMISIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO</b>	<b>4</b>
<b><u>3.</u></b>	<b>CONTEXTUALIZACIÓN E AVALIACIÓN INICIAL</b>	<b>5</b>
	<b><u>3.1.</u></b> Análise conceptual	<b>5</b>
	<b><u>3.2.</u></b> Análise dos diferentes contextos	<b>8</b>
	<b><u>3.3.</u></b> Análise da situación actual	<b>15</b>
	<b><u>3.4.</u></b> Detección de necesidades	<b>19</b>
<b><u>4.</u></b>	<b>PLAN DE ACTUACIÓN</b>	<b>21</b>
	<b><u>4.1.</u></b> Obxectivos	<b>21</b>
	<b><u>4.2.</u></b> Accións previstas	<b>23</b>
	<b><u>4.3.</u></b> Protocolos	<b>31</b>
	<b><u>4.3.1.</u></b> Puntualidade	
	<b><u>4.3.2.</u></b> Ausencias xustificadas	
	<b><u>4.3.3.</u></b> Ausencia de clases por motivos académicos	
	<b><u>4.3.4.</u></b> Incorporación de novos alumno/as	
	<b><u>4.3.5.</u></b> Asistencia de alumno/as a actividades académicas fóra do centro escolar	
	<b><u>4.3.6.</u></b> Indisposicións temporais	
	<b><u>4.3.7.</u></b> Accidentes e emerxencias	
	<b><u>4.3.8.</u></b> Absentismo escolar	
	<b><u>4.3.9.</u></b> Conflitos leves ou de baixa intensidade	
	<b><u>4.3.10.</u></b> Expulsións temporais de clase	
	<b><u>4.3.11.</u></b> Imposición de falta de orde	
	<b><u>4.3.12.</u></b> Privación do dereito de asistencia ao centro educativo por un prazo máximo de tres días	
	<b><u>4.3.13.</u></b> Derivación dun alumno/a á Aula de Convivencia	
	<b><u>4.3.14.</u></b> Apertura de expediente disciplinario	
	<b><u>4.3.15.</u></b> Actuacións en caso de acoso escolar	
	<b><u>4.3.16.</u></b> Resolución de conflitos e mediación	
	<b><u>4.4.</u></b> Temporalización	<b>42</b>
	<b><u>4.5.</u></b> Recursos humanos e materiais	<b>43</b>
	<b><u>4.5.1.</u></b> Aula de Convivencia	
	<b><u>4.5.2.</u></b> Mediación na resolución de conflitos	
<b><u>5.</u></b>	<b>SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN</b>	<b>46</b>
<b><u>6.</u></b>	<b>CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA</b>	<b>47</b>

**APROBADO NA CCP DO DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2016**  
**APROBADO POLA COMISIÓN DE CONVIVENCIA O**

## 1. XUSTIFICACIÓN

Os centros de ensinanza son a un tempo comunidades de convivencia e centros de aprendizaxe. Aprender a convivir cos demais representa un dos principios retos dos sistemas educativos actuais e constitúe un elemento imprescindible para a construción dunha sociedade democrática, que resultará máis solidaria, cohesionada e pacífica se se lle intenta dar solución, na fase que estamos a tratar, a fenómenos como o acoso, a violencia, o maltrato, etc.

Nas sociedades actuais parece percibirse un progresivo incremento dos problemas de convivencia nos centros educativos e en especial nos de secundaria, e aínda que as situacións de indisciplina e acoso escolar entre estudantes existiron sempre, teñen cobrado unha maior relevancia nos últimos anos. Por unha parte aumentaron os problemas do profesorado para poder impartir as clases e levar a cabo o proceso de ensino no que aparecen condutas disruptivas e, por outra banda, maniféstanse situacións de agresión entre compañeiros que adoptan formas diversas, dende a agresión física directa ata a psicolóxica máis sutil.

Todos estes problemas que atentan contra a convivencia teñen causas diversas que convén ter en conta para intentar darlle o enfoque máis adecuado posible. Hai causas de tipo social, tales como diferenzas interculturais ou situacións de exclusión ou marxinação. Tamén existen factores psicolóxicos, como a impulsividade, a falta de tolerancia á frustración, a falta de habilidades sociais, etc. Pódense mencionar igualmente factores propiamente educativos como son o tipo de ensinanza e currículo que se propón, as metodoloxías empregadas, os resultados académicos do alumnado ou a propia organización dos centros.

Educación para a convivencia require facerlle fronte a todo este tipo de problemas da maneira máis eficaz posible e inculcar os valores que supoñan un recoñecemento dos principios morais básicos que dean lugar a unha sociedade pacífica e harmónica. Pero a educación para a convivencia require, máis que boas teorías, o desenvolvemento das accións adecuadas, comezando polo comportamento e as actitudes de todas as persoas que forman parte do proceso educativo.

Ata o momento actual os problemas que ían xurdindo resolvíanse basicamente coa aplicación de medidas punitivas, aplicando as NOF (normas de orden e funcionamento) dos centros educativos. Sen desbotar esa posibilidade, que se fará necesaria ante certas actuacións, chegou o momento de aplicar aos problemas métodos preventivos que teñan máis que ver co recoñecemento do erro cometido e a corrección da conduta que coa imposición dunha sanción posterior.

Pero para que as medidas tomadas resulten eficaces é necesario establecer un sistema coordinado que abrangue todos os aspectos relacionados coa aprendizaxe de convivir nos centros educativos, e é necesario establecer unha organización xeral do centro que permita que todos os axentes que forman parte do proceso saiban cales son as súas funcións en cada momento, e que medidas son as máis axeitadas para conseguir resultados óptimos.

Todo isto só se pode acadar deseñando un plan, que tendo como base o Decreto 8/2015, recolla todos os aspectos necesarios para obter os mellores resultados para a comunidade educativa, plan que se establecerá de acordo coa lexislación vixente e que será revisable para modificar

aspectos que non funcionen e introducir outros que a experiencia indique que pode ser interesante incorporar.

## **2. COMISIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO**

O Comisión da Convivencia no Centro é o órgano colexiado encargado de reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia no centro escolar, e deseñar as estratexias que se deberán adoptar para o fomento da cultura da paz e para mellorar o clima da convivencia escolar.

### **2.1. Composición**

O Comisión da Convivencia no Centro estará composto polo Director do Centro que o presidirá, a Xefa de Estudos, de dous a catro representantes do profesorado, incluída a persoa responsable da mediación escolar, o orientador/a, unha persoa representante do alumnado, unha persoa representante das familias, a persoa encargada dos programas de coeducación, unha persoa encargada do persoal non docente, titores/as relacionados co tema a tratar en cada sesión e profesionais do Concello (Educación, Sanidade, Servizos Sociais, etc) implicados na mellora da convivencia.

### **2.2. Atribucións**

Dinamizar o Plan de convivencia do Centro, canalizando as iniciativas de todos os sectores da comunidade educativa par mellorar a convivencia, o respecto mutuo, así como promover a cultura da paz e a resolución pacífica de conflitos.

Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

Desenvolver iniciativas que eviten a discriminación do alumnado, establecendo plans de acción positiva que possibiliten a integración de todos os alumnos e alumnas.

Coñecer e valorar o cumprimento efectivo das correccións e medidas disciplinarias nos termos que teñan sido impostas.

Informar trimestralmente ao Consello Escolar do estado da convivencia no centro, das actuacións realizadas e das correccións e medidas disciplinarias impostas, así como calquera outras medidas que se consideren oportunas para mellorar a convivencia.

Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no Centro e elaborar un informe anual de análise da convivencia.

Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados relacionados co clima da convivencia e propoñerlle a Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da mesma.

### **2.3. Funcionamento**

Para realizar o diagnóstico, seguimento e supervisión da convivencia no Centro o Comisión da Convivencia no Centro reunirse de forma ordinaria tres veces ao

[volver](#)

longo do curso coincidindo con cada un dos tres trimestres de maneira orientativa seguindo o enfoque seguinte:

**PRIMEIRO TRIMESTRE:** se procede coñecemento e valoración do cumprimento efectivo das correccións e medidas disciplinarias impostas pola Dirección do centro, diagnóstico do centro e proposta de contidos do plan de convivencia

**SEGUNDO TRIMESTRE:** se procede, coñecemento e valoración do cumprimento efectivo das correccións e medidas disciplinarias impostas pola dirección do centro e seguimento, supervisión e coordinación das actuacións do plan.

**TECEIRO TRIMESTRE:** se procede coñecemento e valoración do cumprimento efectivo das correccións e medidas disciplinarias impostas pola dirección do centro e seguimento, supervisión e coordinación das actuacións do plan e por último participación na elaboración da memoria anual.

Terá ademais as funcións recollidas nos puntos 4 e 5 do artigo 6 do Decreto 8/2015.

Extraordinariamente o Comisión da Convivencia reunirse sempre e cando a ocasión o requira ou a proposta de, polo menos, unha terceira parte dos membros.

### **3. CONTEXTUALIZACIÓN E AVALIACIÓN INICIAL**

#### **3.1. Análise conceptual**

É frecuente debuxar un panorama en negativo da convivencia concibíndoa como un problema ante o que hai que intervir e fronte o cal o racional e verdadeiramente importante é buscar solucións e sen embargo a convivencia ten que abordarse en positivo. Educar para a convivencia non é renunciar á existencia de conflitos senón saber enfrontalos e superalos de forma positiva.

Promover a convivencia escolar significa adoptar un enfoque proactivo e educativo, e significa tamén dar énfase ao preventivo para crear un clima que preveña a aparición de fenómenos disruptivos, perturbadores e violentos. Tamén significa poñer o foco no comunicativo xa que para mellorar a convivencia é necesario o compromiso de todos, da comunidade educativa no seu conxunto: Administración, profesorado, alumnado e familias.

Algúns autores describiron tres modelos distintos de xestión da convivencia:

O **MODELO SANCIONADOR** coercitivo e punitivo que se basea na aplicación de sancións como principal medida para o tratamento da convivencia.

O **MODELO RACIONAL** no que as partes en conflito, por propia iniciativa ou animados por outros, buscan a solución aos seus problemas de maneira que, a traveso do diálogo, tratan de chegar á solución do conflito.

O **MODELO INTEGRADO** da un paso máis, e o fundamental do mesmo é que os procedementos para a resolución de conflitos quedan recollidos no regulamen [volver](#)

to de convivencia do centro, e apóianse en estruturas que potencien o diálogo como os equipos de mediación e as fórmulas para incrementar a participación.

Estes tres modelos non deben verse como contrapostos, de feito, a opción por un modelo integrado non exclúe, senón todo o contrario, a necesidade de adoptar, en determinados momentos e circunstancias medidas de tipo punitivo e coercitivo.

Pero ademais dun enfoque integrado, a educación para a convivencia require un enfoque integrador, posto que debe incorporar actuacións en diversos ámbitos e que afectan a diversos niveis vencellados uns cos outros: comunidade local, centro, aula e individual.

### 3.1.1. A participación da comunidade local

A sensibilización da comunidade é un aspecto clave para a promoción da convivencia. Habitualmente faise a través da difusión por distintos medios de aspectos relacionados coa paz, a non violencia ou a prevención do maltrato. Pero o verdadeiramente eficaz é integrar estas accións dentro de plans locais, coa participación dos distintos axentes implicados.

### 3.1.2. A convivencia no centro

É imprescindible partir dunha toma de conciencia da comunidade educativa, valorando o clima do centro e as actitudes e concepcións do profesorado, o alumnado e as familias, así como emprender campañas de sensibilización dirixidas ao conxunto da comunidade educativa.

Neste nivel o instrumento clásico utilizado para regular a convivencia é o NOF, pero trátase de algo pouco participativo e flexible que se limita a un catálogo de deberes e sancións. Estas limitacións deben superarse coa participación dos membros da comunidade aportando experiencias enriquecedoras para elaborar un proxecto de convivencia máis amplo e global.

Pero a parte das regras de funcionamento do centro, o currículo configúrase no eixe principal do proceso educativo. Tanto os contidos como as estratexias e actitudes docentes, os agrupamentos, o uso dos espazos e tempos escolares, os métodos de traballo na aula, as tarefas escolares e a forma e os instrumentos de avaliación, constitúen os elementos clave para transmitir un determinado modelo de convivencia.

### 3.1.3. A convivencia na aula

Neste nivel faise necesario adaptar a normativa de funcionamento da aula, acercándoa ao alumnado e dándolle a oportunidade de participar na súa elaboración.

Por outra banda, os propios contidos curriculares e os procesos de ensinanza-aprendizaxe teñen incidencia no clima de convivencia. É preciso, polo tanto, adecuar os contidos, organizalos e secuencialos tendo en conta as necesidades de aprendizaxe do alumnado, adoptando metodoloxías máis participativas e variadas, e prestar atención a diferentes formas de agrupamento, para facilitar a interacción entre os alumno/as e destes co profesor/a.

Ademais haberá que ter en conta a acción tutorial que ten unha importancia crítica na mellora da convivencia, xa que permite abordar a mellora da competencia social do alumnado, así como garantir a atención individualizada a todos aqueles que se atopen implicados en situacións de violencia escolar.

Sen embargo, a educación en valores e normas non compete só ao titor ou titora, senón que debe ser asumida por todo o profesorado, constituíndo un eixe vertebrador do currículo e unha práctica constante e visible.

#### 3.1.4. Intervención individual

A promoción e mellora da convivencia e do clima escolar prevén pero non impide a aparición de problemas graves nas relacións interpersoais. A intervención individual en temas de convivencia adopta con frecuencia a forma de protocolos que axudan a ter presentes as fases e dimensións que se deben contemplar ante fenómenos específicos.

O uso de protocolos non esgota a intervención sobre a convivencia, senón que terá que apoiarse noutras actuacións de carácter preventivo e comunitario, cuxo obxectivo último será promover boas relacións sociais entre todos os membros da comunidade educativa.

Pero a intervención preventiva e a intervención a través de protocolos non exime do cumprimento da normativa de convivencia do centro, o que supoñerá aplicar as medidas previstas no caso de condutas contrarias á mesma.

#### 3.1.5. Conclusión

O obxectivo último da educación para a convivencia é promover unhas boas relacións sociais entre todos os membros da comunidade educativa, o cal require polo menos o seguinte:

Manter unha visión positiva do conflito, como algo consubstancial ao ser humano e habitual na vida cotiá e que, ben resolto a través do consenso e a negociación, implica un enriquecemento mutuo.

Promover a participación como obxectivo educativo e valorar a comunicación como elemento fundamental para a mellora da participación.

Considerar o centro como unha comunidade de convivencia, constituída por distintos subsistemas, como unha unidade de convivencia configurada a partir da coexistencia e articulación de varios grupos humanos.

Promover o establecemento dun sistema de normas elaboradas democraticamente que sexan o reflexo da participación, o diálogo e o consenso da comunidade escolar.

Educar para a convivencia, é dicir, educar en valores fundamentais de cidadanía, respecto, xustiza, tolerancia, solidariedade e compromiso co ben común.

Dar máxima importancia á organización e xestión da aula, como espazo privilexiado no que ten lugar a maior parte das transaccións interpersoais, así como a metodoloxía de ensinanza e aprendizaxe.

Impulsar a creación de estruturas para a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.

Favorecer o desenvolvemento socioafectivo e o coñecemento dos outros, enfrontando o reto de ensinar e aprender a vivir consigo mesmo e cos demais, e tendo como obxectivo explícito do currículo a alfabetización emocional.

## **3.2. Análise dos diferentes contextos**

### 3.2.1 Características do contorno do Centro

#### 1. Orixines

O I.E.S. Luís Seoane atópase situado no Barrio de Monte Porreiro, nas aforas da cidade de Pontevedra, a uns tres quilómetros aproximadamente do centro urbano. O barrio sitúase nun lugar de alto valor paisaxístico, nunha zona elevada bordeada polo río Lérez e cunha privilexiada situación sobre a cidade de Pontevedra.

O barrio desenvolveuse a partir dun Planeamento Parcial derivado do Plan Xeral de 1.968, no que se recolle como solo de reserva residencial unha gran finca, que dende a década dos setenta comeza a urbanizarse e edificarse. O seu desenvolvemento, propiciado en gran medida pola Administración Pública, alberga hoxe uns 8.000 veciños, nun conxunto urbano que constitúe unha comunidade con personalidade propia dentro cidade.

A peculiaridade da súa orixe deu lugar, en certa maneira, a que xurdira como unha unidade segregada do contorno urbano, e cunha poboación caracterizada por un nivel de renda máis baixa da media, xa que a maior parte das residencias son de protección oficial, e tamén que partira dunha certa carencia de servizos que se foron subsanando co paso do tempo.

#### 2. O barrio actualmente

Actualmente o barrio é un espazo digno, no que predominan os bloques de vivendas colectivas de catro ou cinco pisos con algunha zona de residencias unifamiliares, na súa parte máis baixa, nas proximidades do Lérez. Abunda a vexetación, unhas veces en pequenos xardíns domésticos no contorno dos edificios ou, en maior magnitude, mediante árbores nas beirarrúas ou nos espazos públicos. Tamén existe un parque urbano de amplas dimensións e equipamentos lúdico-deportivos, cunhas espléndidas vistas sobre o río e a cidade, unha praia fluvial recentemente inaugurada e unha zona verde natural con sendeiros de alto valor paisaxístico en torno ao río Lérez. Todo isto fai do barrio un lugar agradable para vivir con importantes zonas de ocio e esparcemento.

#### 3. Equipamentos e servizos comerciais

En canto a equipamentos públicos, na actualidade atópase ben dotada, xa que foron creándose, ao longo dos anos, unha serie de edificios que cubriron case todas as necesidades básicas que necesita calquera sociedade. O barrio conta cun equipamento educativo que cubre todas as etapas da ensinanza, unha gardería, un colexio de educación infantil, outro de primaria e o instituto de ensinanza secundaria no que nos

[volver](#)



atopamos, onde se pode cursar a E.S.O, o Bacharelato en dúas especialidades ou Formación Profesional na rama administrativa e comercial. Tamén conta cun centro da Universidade de Educación a Distancia no que se poden cursar distintas carreiras universitarias.

No campo sanitario hai un ambulatorio da Seguridade Social que cumpre todas as necesidades básicas da atención médica primaria, sen necesidade de trasladarse a cidade. Tamén conta, dende hai uns anos cun interesante edificio dedicado a servizos culturais.

Hai pouco tempo inaugurouse o único templo que existe, dedicado ao culto católico, relixión da que forman parte a maioría dos seus habitantes, aínda que hai un sector minoritario de cidadáns que practican a relixión evanxélica, e coinciden basicamente cun grupo de residentes de etnia xitana que desenvolve o seu culto noutro lugar. Hai algúns residentes de orixe marroquí e relixión musulmán, pero non hai constancia de ningún lugar de culto de dita crenza.

No terreo deportivo hai un campo de fútbol e un pavillón cuberto, ademais das pistas e instalacións deportivas dos distintos centros educativos e as do parque urbano.

Dende o punto de vista comercial conta cos establecementos necesarios para cubrir as necesidades diarias, sobre todo bares, cafeterías, algún restaurante, e un amplo supermercado da empresa Froiz con aparcadoiro exterior con capacidade para bastantes vehículos. Tamén hai algunha tenda de confección, panadería, carnicería, pescadería, farmacia, unha gasoleira no borde do polígono. Sen embargo para compras máis especializadas depende da cidade, tales como roupa ou calzado ou establecementos máis específicos de ocio ou diversión.

#### 4. Comunicaci3ns

O barrio est3 ben comunicado co centro urbano cunha rede de autobuses que fan o recorrido con regularidade. En canto a rede viaria hai tres v3as b3sicas para acudir a cidade, a avenida de Buenos Aires a beira do r3o L3rez, a v3a a traveso do barrio da Seca ou o enlace empregando a estrada que une Ourense con Pontevedra. Unha nova ponte sobre o r3o L3rez que facilita a comunicaci3n co pobo do mesmo nome, que se atopa ao outro lado do r3o, e coa estrada que vai a Santiago. Esta ponte forma parte dunha chamada ronda urbana que circundar3 toda a cidade de norte a sur, e a trav3s dela o barrio mellora sensiblemente a s3a comunicaci3n coas distintas partes da cidade, mesmo coa estrada que vai a Vigo.

#### 3.2.2. O Centro educativo

##### 1. Orixe e desenvolvemento

O Instituto de Ensinanza Secundaria “Lu3s Seoane” de Pontevedra comezou a funcionar no ano 1.988 como un centro da rama administrativa de Formaci3n Profesional, debido a unha segregaci3n do Instituto Politécnico de Formaci3n Profesional que buscaba unha reduci3n de especialidades xa que se atopaba moi saturado e con problemas de espazo.

[volver](#)

No ano 1.990 incorporou os estudos de Educación Secundaria Obrigatoria e no 1.995 de Bacharelato.

Nun primeiro momento case a totalidade do alumnado non pertencía ao barrio, e polo tanto a súa vida educativa mantiñase ao marxe do contorno, situación que comezou a cambiar cando se introduciu, de forma experimental, coa aprobación da LOGSE, a ensinanza secundaria, e o instituto foise transformando parcialmente nun centro de barrio, combinando o alumnado local neste tipo de estudos con outro parcialmente alleo na formación profesional. No curso 1.989/90 con dezaoto estudantes de primeiro de E.S.O. comezáronse a impartir os novos estudos.

Na actualidade o centro pertence ao grupo B, repartidos en 11 grupos da E.S.O., 3 de Bacharelato, 14 de F.P. e 3 de oferta modular para adultos. Os grupos da E.S.O. suman 256 alumnos e alumnas, é dicir, un terzo do total.

Os precedentes sinalados poñen de manifesto a transformación sufrida nun centro escolar que partiu inicialmente cun enfoque educativo, para transformarse con relativa rapidez en algo parcialmente distinto, coas correspondentes tensións e dificultades de acoplamento que se foron resolvendo sobre a marcha sen unha especial planificación.

## 2. O edificio

O instituto aséntase nun edificio de nova creación que foi concibido como un espazo amplo e xeneroso. Consta de baixo, dúas plantas e dous sotos. Na súa concepción inicial estaba moi sobrado de espazo, con amplas zonas para departamentos académicos que logo foron mermando para introducir novas aulas para o alumnado.

As dúas plantas superiores teñen forma de T, con corredores centrais e aulas a ambos lados, nas que se desenvolven a maior parte das clases para os distintos cursos, atopándose mesturados os estudantes de todos os niveis e tipos de estudos, sen unha división precisa entre eles. Tamén se sitúan nestes niveis superiores dous espazos que fan a función de departamentos e o despacho ou departamento de Orientación. Os corredores están iluminados con luz natural en distintos puntos e resultan amplos e agradables a pesar da súa lonxitude. A comunicación coa planta baixa faise a traveso dunha escaleira principal, tamén ampla e iluminada igualmente con luz natural. Ademais existen escaleiras de emerxencia nos fondos dos corredores.

A planta baixa ten unha estrutura máis complexa, xa que, a partir da forma básica, saen cara a fora dous grandes volumes, un que é o salón de actos e outro o pavillón do ximnasio. Este nivel conta con un gran vestíbulo, amplo e luminoso, con ventás que permiten ver o exterior e recibir iluminación natural, mesmo a entrada de sol directo e produce unha impresión moi agradable cada vez que se entra no edificio. Este espazo está humanizado con plantas e outros elementos decorativos, e é un lugar ideal para todo tipo de exposicións das que ao longo do curso soe haber varias. Deste gran distribuidor accédese aos distintos espazos da planta baixa. A biblioteca, con amplos ventanais e polo tanto moi luminosa, unha cafetería grande, o xa citado salón de actos, tamén de xenerosas dimensións e forte pendente con moi boa visibilidade do escenario, un ximnasio con pista deportiva moita altura e gradas para que o público poida asistir a competicións deportivas, unha aula de expresión corporal nun espazo gañado a un antigo porche cuberto, os mostradores de conserxería e secretaría para realizar xestións ou resolver dúbidas dende o propio espazo do vestíbulo. Ademais hai unha porta,

[volver](#)

próxima a entrada que da a unha parte máis privada, onde se sitúan os despachos e a sala do profesorado.

O edificio como todo o barrio está situado nunha forte pendente que cae cara ao río, e polo tanto aínda que ten baixo e dúas plantas pola parte de diante, ten baixo e catro pola da atrás, e os sotos convértense en pisos normais con fachada ao exterior, e por ese lado pódense empregar como espazos útiles para distintas actividades. Debido a isto, no primeiro soto fóronse introducindo aulas específicas que o instituto necesitaba para as novas ensinanzas ou para ampliar servizos nas existentes. Sitúanse actualmente nese lugar os espazos dedicados a audiovisuais, tecnoloxía, música, educación plástica e novas aulas de informática.

O segundo soto foi concibido nun principio como arquivo e almacén da Delegación da Consellería de Educación e nunca tivo un gran uso e permanece practicamente baleiro, ten grandes dimensións e en cursos anteriores habilitouse provisionalmente, unha pequena parte do mesmo, para aulas teóricas do centro de formación ocupacional, que logo pasaron aos baixos do centro cultural do barrio e polo tanto, na actualidade, permanecen sen ocupación algunha.

Na concepción do edificio primou a funcionalidade, a simplificación e a rápida execución sobre a estética e o deseño, o que deu lugar á creación dun volume austero, repetitivo e de grande monotonía, non moi adecuado para darlle viveza ao barrio e crear un valor engadido no conxunto urbano. Este erro non se cometeu a posteriori con outros edificios públicos que teñen un deseño moito máis coidado. O edificio ten unha forte presenza no barrio, sobre todo a súa fachada principal, que se ve na súa totalidade a través do recinto escolar. Esta constitúe un plano continuo cun orde totalmente repetitivo de ventás, apenas roto por unha parte central lixeiramente sobresaínte, con certa artificialidade e pouca xustificación para crear un énfase de edificio público oficial que apenas consegue. A forzada monotonía e simetría rómpese, in extremis, cun bloque descentrado de escaleiras e servizos, lixeiramente máis alto que o resto do edificio, pola necesidade de situar a maquinaria do ascensor, e resolto con distinta modulación de ventás. Unha especie de marquesiña de formigón, cun peto do mesmo material, sobresaí na planta baixa e ao mesmo tempo que serve de abrigo as persoas rompe a continuidade do plano de fachada. Todo o conxunto está tratado cun único material, un revoco pétreo dunha cor amarela apagada que potencia a súa uniformidade e monotonía.

As fachadas laterais e posterior, a pesar da súas maiores dimensións polo desnivel do terreo, teñen unha presenza menos rotunda, porque o punto de vista non é tan preponderante e os volumes entrantes e saíntes produce visualmente un xogo con moito máis movemento, que fai esvaecer esa frontalidade e planitude da fachada principal. A pesar diso, o emprego do mesmo tratamento superficial en todo o edificio tende á monotonía.

### 3. O recinto escolar e o contorno do edificio

O instituto conta cun recinto pechado, que parte tamén dun plantexamento utilitario por riba de calquera criterio estético ou de deseño máis elaborado. Unha superficie dura que ocupa todo o fronte do edificio, serve como aparcadoiro e, de forma continua sen ningún elemento intermedio, están as pistas deportivas descubertas resoltas cun tratamento superficial duro e uniforme, que cumpren unha importante función

[volver](#)

para xogos e deportes, pero que visualmente e como espazo de esparcemento resulta frías, monótonas e aburridas. Só pequenas zonas residuais recollen algún espazo verde, o máis importante na entrada principal, formada por unha reducida masa de árbores e arbustos de potente impacto visual e imaxe moi agradable. Foi un acerto a plantación que se fixo hai uns anos dun seto perimetral que da lugar a unha barreira verde entre o interior e o exterior, e rompe visualmente a dureza da sensación de recinto pechado. Lástima que un dos laterais estea ocupado por un muro, ao que a pesar de intentar darlle un acabado estético con concursos de murais feitos polos alumno/as, acaba sempre mostrando unha imaxe deteriorada, moi pouco edificante. Está pedindo a gritos un tratamento vexetal difícil de solucionar pola inexistencia de terra vexetal, xa que o cemento chega ata o pé do muro.

A parte traseira do edificio está en contacto cun interesante parque que perdeu parte da súa superficie coa a edificación nel da gardería do barrio, edificio feito cun deseño coidado que da boa imaxe a dita zona pública, aínda que desgraciadamente cómelle unha parte da súa superficie. É unha pena que este lugar non poida ser utilizado polo alumnado en horario escolar, xa que este si é un espazo humanizado, coidado e con abundante vexetación, pero por tratarse dun lugar aberto e fora do recinto, aínda que pegado a el, resulta imposible ter un control sensato do alumnado. Resulta curioso que non se coiden máis os aspectos formais e habitables dos espazos públicos en lugares onde se pretende educar futuros cidadáns, se está máis que comprobado que entornos agradables non van resolver os problemas de convivencia, pero sempre van ser unha axuda para melloralas, e o que está claro e que os áridos e duros son máis propicios á conflitividade e marxinalidade. Parece mentira que un lugar para a educación que se desenvolve nun lugar privilexiado, lle dea as costas ao paisaxe e reclúa aos alumno/as nun recinto anódino, que podería estar en calquera entorno edificado e denso dentro dunha cidade compacta. A pesar de todo o dito, habería que sacarlle o maior rendemento posible ao espazo dispoñible, analizándoo con calma e engadíndolle calquera tipo de elemento vexetal que o poida mellorar.

Para terminar, hai que sinalar algún aspecto como a entrada principal do recinto que foi planificada sen ningún coidado, cunha beirarrúa estreita, totalmente inadecuada para un lugar onde, en certos momentos puntuais, móvese un fluxo moi intenso de alumnados sen espazo adecuado para elo, e dificultado aínda máis pola saída dos vehículos mesturados cos estudantes. En parte o conflito solvéntase co emprego dunha segunda porta atravesando as pistas deportivas. Tamén parece un defecto, neste caso con mellor solución, que nun clima coma o que temos non haxa unha zona de aparcamentos reservada no exterior do recinto, para que os pais poidan parar un momento a recoller aos nenos, e todo isto teña que facerse en dobre fila para aumentar a conxestión do conxunto.

### 3.2.3. As familias

Como xa se puxo de manifesto cando se describiu a orixe do barrio, este tivo lugar basicamente mediante a promoción pública de vivendas e, polo tanto, os seus habitantes tiñan que ter un nivel de renda que lle permitira acceder a este tipo de aloxamentos. Consecuentemente, o barrio naceu cunha poboación cuns niveles económicos inferiores ao nivel medio do conxunto da cidade de Pontevedra, e este

[volver](#)

plantexamento supuxo un vicio de partida, xa que é máis adecuado unha maior mestura de distintos tipos de poboación residencial, para evitar posibles causas de segregación.

Estamos falando polo tanto dun barrio habitado basicamente por unha poboación de familias de clase traballadora cun nivel de ingresos medio baixo, e de aquí derivan as características distintivas da estrutura familiar predominante no asentamento.

Como xa se sinalou, habitan a zona unhas 8.000 persoas, das que case un 10% son de etnia xitana, sen esquecer unha crecente poboación de orixe marroquí e latinoamericana, e observase unha boa integración do conxunto, sen especiais tensións sociais, nin graves mostras de conflitividade.

A debilidade económica do barrio fai que nestes momentos de grava crise, se resinta máis que outros lugares con mellores niveles de renda.

Dende o punto de vista social o barrio conta cunha poboación xuvenil en risco de exclusión e cun núcleo de familias monoparentais, maioritariamente composta pola nai e os fillos, con traballos pouco cualificados e longas xornadas laborais. No que se refire ao nivel de estudos, predominan maioritariamente os máis básicos, algúns de tipo medio, e escasos habitantes con estudos universitarios, do que en parte deriva pouco interese pola cultura e mesmo pola importancia dos estudos como fonte dun futuro profesional mellor, quedándose moitas veces en expectativas moi limitadas.

#### 3.2.4. O profesorado

O centro conta con profesores/as distribuídos entre os diferentes estudos que se imparten nel, que son a Ensinanza Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato e a Formación Profesional, nun horario que comprende mañá, tarde e noite, dende as nove da mañá ata as dez e media da noite. Os estudos nocturnos son só de Formación Profesional xa que recentemente se perderon os Estudos de Educación para Adultos (EPA) por escasez de alumno/as.

O profesorado está composto sobre todo por profesores/as coa tradicional titulación de Licenciado, ademais dun porcentaxe de profesorado técnico de formación profesional e algúns mestres que imparten docencia no primeiro ciclo da Educación Secundaria. Tamén conta o centro cunha Orientadora Educativa e un profesor/a especializado en pedagogía terapéutica para resolver os problemas de aprendizaxe que se dan no primeiro ciclo da ESO.

A maior parte do profesorado ten a praza definitiva no centro polo que hai un grado moi alto de estabilidade dentro da plantilla, aumentado ultimamente ultimamente o profesorado interino debido a que non se cubren correctamente as xubilacións.

Case ningún profesor/a reside no barrio, vivindo a maior parte da cidade de Pontevedra e arredores e desprazándose diariamente o centro para dar as súas clases durante o horario laboral ou reunións extraordinarias.

A maior parte do profesorado ten máis de corenta anos e como mínimo quince ou vinte de experiencia docente, co que se conta cunha plantilla bastante uniforme e estable, cunha ampla traxectoria profesional e moitos anos de formación, aínda que moi poucos profesionais de nova incorporación, coa titulación rematada recentemente.

[volver](#)

### 3.2.5. O alumnado

Como xa mencionamos nun apartado anterior, o Centro conta con algo máis de 800 alumnos/as divididos entre Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Formación Profesional que abrangue un amplo espectro de idades e especialidades e da lugar a distintos perfís de alumnado.

#### 1. Perfil do alumnado dos ciclos superiores de F.P.

Comezando polo alumnado de FP que é o máis numeroso, uns dous terzos do total. e tamén o menos problemático. Teríamos que falar de estudantes, na súa maior parte alleos ao barrio no que se asenta o Centro educativo, agás algúns, que si son residentes que continúan estudos profesionais. Dentro desta sección e referíndonos aos aspectos de análise da convivencia, teríamos que facer unha nova diferenciación entre os estudantes que cursan ciclos medios e os que fan estudos profesionais superiores. Estes últimos son alumno/as maiores de idade e teñen feito, na súa maioría, o Bacharelato ou unha proba de acceso e non presentan complicacións convivenciais, agás as típicas tensións que se producen dentro de calquera ámbito humano, no que sempre xorden diferenzas entre as persoas que o constitúen. Trátase neste caso de alumnado maduro que cursan os estudos voluntariamente, e na maioría dos casos teñen interese por formarse para buscar un futuro profesional a través de estudos técnicos especializados.

#### 2. Perfil do alumnado dos ciclos medios de F.P. e FPB

No caso dos ciclos medios, o perfil de alumnado é máis heteroxéneo, xa que se mesturan estudantes que obtiveron o título de Ensinanza Secundaria con normalidade, con outros que o sacaron con dificultade, con algunha materia pendente e incluso outros que, non foron capaces de conseguir dita titulación, e accederon aos estudos superando unha proba de acceso, que, aínda que os habilita para cursar o ciclo, presentan moitas veces deficiencias formativas. Ademais, dentro deste tipo de alumno/as non sempre hai unha grande motivación pola formación específica que están cursando, senón que se encontran neste lugar por outras circunstancias, tales como falta de expectativas profesionais, ou mesmo unha forma de ocupar o tempo nunha época de grave crise económica e fortes dificultades para incorporarse ao mercado laboral tendo escasa formación. Poderíamos dicir o mesmo para o alumnado de FPB, sen titulación de ESO e sen motivación na inmensa maioría, que ademais nun grande número non está facendo o ciclo que desexaba.

#### 3. Perfil do alumnado de Bacharelato

Na outra parte atopamos aos alumno/as de Educación Secundaria e Bacharelato que constitúen aproximadamente a terceira parte do total. Comezando por estes últimos, debemos indicar en primeiro lugar o seu escaso número, que obrigou, por motivos de aforro debido á crise económica, a xuntalos nas materias comúns nun único curso de primeiro e outro de segundo. Os resultados académicos varían segundo as promocións, o número deles que acoden á selectividade na convocatoria de xuño soe andar o redor dos quince.

[volver](#)

#### 4. Perfil do alumnado de E.S.O.

Na Educación Secundaria Obrigatoria é onde se concentran os maiores problemas que analizaremos no apartado que corresponda. Neste nivel estamos a falar dun verdadeiro centro de barrio, xa que case todos os rapaces residen no lugar no que se asente o Instituto. Contamos, na actualidade, con tres cursos de primeiro de E.S.O., tres de 2º, tres de terceiro (dous normais e un PMAR) e dous de cuarto de E.S.O.

Facendo referencia ao presente curso cabe destacar os seguintes datos. De 256 alumnos e alumnas matriculados en E.S.O. 13 son de etnia xitana, 5 marroquí, 1 chileno, 2 venezolanos, 1 colombiano e 1 ganes . Ademais hai 18 alumnos/as acollidos na cidade infantil Príncipe Felipe. Temos 23 alumno/as con diferentes problemas de discapacidade (TDA,TDH,TXD, etc.)

Como pode verse o alumnado é bastante uniforme, case na súa totalidade de nacionalidade española e residente no barrio, non se observan especiais dificultades de integración de minorías e os problemas que se presentan son doutro tipo como analizaremos no seguinte apartado.

### 3.3. Análise da situación actual e das accións levadas a cabo

#### 3.3.1. A situación actual

Partindo do desglose dos distintos perfís do alumnado descrito anteriormente, podemos facer un estudo da situación actual da convivencia no Centro.

##### 1. Formación Profesional Superior

Se nos referimos aos alumno/as dos ciclos superiores de Formación Profesional non temos que destacar ningún problema específico, agás os normais dentro dun grupo de persoas cos seus propios intereses. Preséntanse diferenzas de puntos de vista que se resolven normalmente dunha maneira civilizada e dialogada entre profesor/a e alumno/a, se é necesario recorrendo ao delegado do curso o titor/a ou algún membro da dirección, sen observarse complicacións especiais. Se se trata de diferenzas de criterios respecto á cualificación dun exame ou calquera outro tipo de nota, existe un procedemento regulado dende sempre ao que se pode acudir con todas as garantías.

##### 2. Formación Profesional de Grado Medio e FPB

Nos ciclos medios, ademais do exposto para os ciclos superiores, obsérvanse outras peculiaridades específicas dos mesmos como dificultades de orde na clase que xa non deberían presentarse neste tipo de alumnado.

Na FPB incrementanse as actitudes mencionadas. Hai faltas de educación, comportamentos e actitudes inadecuadas que aínda que non presentan de momento especial gravidade, si dificultan a harmonía e o normal desenvolvemento da clase, alterando as relacións de convivencia adecuadas para levar a cabo un bo proceso de aprendizaxe. Isto as veces obriga a tomar medidas tales como interrupcións das explicacións para chamar a atención, ou mesmo cambiar aos alumno/as de sitio dentro da aula, coa finalidade de conseguir un ambiente máis sosegado.

[volver](#)

O escaso, por non dicir nulo, interese na maioría dos casos polo aprendizaxe, a inmadurez, a pouca motivación polos estudos e incluso o feito de que en moitos casos non obtiveron praza no ciclo que realmente desexaban son as principais razóns destes comportamentos.

Facendo un resumo dos incidentes máis destacados no curso 2015-2016, observamos que:

- Houbo 15 faltas de Orden, concentradas en 3 dos 27 totais, das que 3 conlevaron privación de asistencia a clase.

### 3. Bacharelato

Os Bacharelatos varían segundo as distintas promocións. Pero en xeral son grupos con boa actitude, nuns cursos mais motivados que noutros, debido na maioría dos casos a unha falta de meditación sobre os estudos que escollidos. Non presentan ningún problema de convivencia.

### 4. Educación Secundaria Obrigatoria

Na Ensinanza Secundaría Obrigatoria é onde se concentran os maiores problemas de convivencia, dos cales os que sinalamos anteriormente non son máis que flecos ou, moitas veces, consecuencias de non telos resoltos nestes niveis inferiores. Sen tratarse de problemas dunha gran gravidade, agás casos moi puntuais e escasos, cabe destacar un ambiente xeral no que as veces a suma de un conxunto de distorsións, non demasiado graves vistas individualmente, chegan a facer moi complicada a tarefa de desenvolver o proceso de aprendizaxe dunha forma correcta e, mesmo en ocasións, faise difícil o propio control da clase.

Facendo un resumo dos incidentes máis destacados no curso 2015-2016, observamos que:

- En 1º ESO houbo 321 faltas de Orden, concentradas en 33 dos 82 totais, das que 54 conlevaron privación de asistencia a clase. Abríronse 3 expedientes disciplinarios a dous alumno/as.
- En 2º ESO houbo 171 faltas de Orden, concentradas en 22 dos 61 totais, das que 27 conlevaron privación de asistencia a clase. Abríronse 1 expediente disciplinario.
- En 3º e 4º ESO houbo 36
- faltas de Orden, concentradas en 21 dos 114 totais, das que 6 conlevaron privación de asistencia a clase.

[volver](#)



### 3.3.2. Accións levadas a cabo

#### 1. Medidas xerais

No que se refire as medidas levadas a cabo son de distintos tipos en función da gravidade ou dificultade de cada caso concreto, e son na súa maior parte as típicas dentro do sistema organizativo dun centro de ensinanza. Dende as medidas máis sinxelas aplicadas seguindo o ritmo normal das clases, tales como amoestacións verbais por parte do profesor/a interrompendo o ritmo da clase por un breve espazo de tempo, cambio de sitio dun alumno/a a outro lugar da aula para romper a dinámica dalgún grupo que está funcionando mal, ou mesmo mandar a un alumno/a ao corredor por un breve espazo de tempo para que se tranquilice e poida ocupar pouco despois o seu lugar e continuar coas súas tarefas.

#### 2. Asuntos graves

No caso de asuntos máis graves, normalmente recórrase á aplicación das NOF do centro, aplicando a sanción correspondente, reflectida por escrito nun impreso de falta de orde, que lle será remitida á familia, seguindo un procedemento establecido, do que falaremos no seu momento, e cuxa acumulación pode supoñer a perda de asistencia á clase, normalmente por un período de tres días. A imposición dunha falta de orde pode supoñer unha expulsión inmediata da aula, para o cal existe un procedemento regulado, ou o alumno/a pode permanecer no interior da clase se o profesor/a o considera pertinente.

No caso de faltas moi graves, recórrase a apertura de expediente disciplinario, seguindo un procedemento regulado pola lexislación vixente e que normalmente remata na imposición da correspondente sanción.

#### 3. Puntualidade

Tamén hai un procedemento establecido para controlar a puntualidade do alumnado a clase na primeira hora da mañá que consiste en retelo fora de aula se se retrasa máis de cinco minutos despois de que sone o timbre de comezo das clases. O alumnado permanece controlado nun lugar visible e incorpóranse as clases na segunda hora.

#### 4. Medidas de reforzo educativo e programas específicos

Tendo en conta que moitos problemas de convivencia derívanse de que o alumno/as descólganse do ritmo normal da clase e do interese pola materia e comezan a causar problemas, débense considerar neste apartado todas as medidas de reforzo educativo que se están levando a cabo coa pretensión de minimizar este problema. Neste apartado estarían todas as medidas de atención a diversidade que supoñen dende as máis elementais levadas a cabo dentro da aula, como a flexibilidade na execución das tarefas para adaptarse o máis posible aos distintos ritmos e diferentes dificultades, ás posibles

[volver](#)

colaboracións que se poidan establecer entre alumno/as para que se axuden uns a outros, mesmo a creación de grupos de traballo se o funcionamento da clase o permite. Por outra banda están as medidas máis específicas cando hai un diagnóstico que sinala a necesidade de empregar tratamentos educativos especiais, fora ou dentro da aula, tales como adaptacións do currículo para simplificalo e axustalo ás características do alumnado tal como marca a lei, a subdivisión de grupos en materias de tradicional dificultade, para crear unidades máis homoxéneas, que permitan aos alumno/as adaptarse mediante ritmos máis axeitados para eles, a axuda dos profesores/as terapeutas para os alumno/as con problemas especiais de aprendizaxe, ou a entrevista co orientador do centro para resolver outros tipos de dificultades psicolóxicas ou sociais con ou sen asistencia dos pais ás mesmas. Tamén se deben considerar a creación de grupos especiais para un conxunto pequeno de alumnado con currículos adaptados a través de cursos de PMAR.

## 5. Plan de Acción Titorial

Considérase un elemento importante o Plan de Acción Titorial que permite dunha maneira activa desenvolver actividades cos distintos grupos sobre diferentes temas relacionados coa convivencia, que axudan aos alumno/as aclarar distintos aspectos e inquiredanzas propios da súa idade, e corrixir condutas erróneas de cara a unha maior harmonía dentro da comunidade educativa. Nas reunións semanais do curso co seu titor/a, e partindo dos temas programados no Plan, plantéxanse cuestións que se resolven de forma individual a través de cuestionarios que logo se discuten en público, ou pártese directamente de temas para o seu debate en grupo, que obriga adquirir hábitos de respecto e coordinación na forma de expresar as distintas opinións, e que é un sistema relevante de cara a aprender a funcionar adecuadamente dentro dun grupo humano.

## 6. Relacións coas familias

Tamén habería que situar neste apartado todas as medidas que teñen que ver coa relación coas familias dos alumno/as, tanto as meramente informativas respecto á evolución académica dos mesmos, como outras máis específicas deste campo, como os intercambios de opinións respecto a actitudes e comportamentos dentro do ambiente educativo ou no entorno familiar máis privado, informacións que poden ser moi importantes para resolver ou previr conflitos e mellorar a convivencia. Todas estas relacións están perfectamente tipificadas dende hai moitos anos, e desenvólvense en primeira instancia a través do titor/a do curso, que é o intermediario básico entre o centro e as familias, pero cada profesor/a ten unha hora dispoñible no seu horario para atender aos pais ou alumno/as, e para temas máis específicos concréntanse reunións das familias co orientador do centro, e tamén hai unha ampla dispoñibilidade para tratar calquera tema particular cos membros do equipo directivo. En asuntos meramente de carácter disciplinario hai uns sistemas totalmente tipificados que seguen unhas canles fixadas nas NOF e que rematan normalmente na Dirección do Centro ou no Consello Escolar se estamos a falar da resolución definitiva de expedientes disciplinarios.

[volver](#)

## 7. Medidas complementarias

Como medidas complementarias habería que sinalar todo tipo de actividades que se fan no Centro e aínda que estean máis ou menos dirixidas cara o asunto específico da convivencia, teñen incidencia no mesmo, referímonos a todo tipo de accións que implican relacións de grupo, sexan no propio centro ou saídas ao exterior, por períodos breves de tempo ou mediante convivencias levadas a cabo por un certo número de días. Neste aspecto hai un número abundante de experiencias que se fan ao longo do curso, dende actividades regulares todas as tardes do ano, tales como as deportivas ou as do grupo de teatro, como as máis específicas que se realizan dentro do currículo das materias que soen ser saídas educativas dunha mañá ou un día enteiro de duración. Fanse tamén algunhas excursións de varios días a espazos naturais e incluso saídas ao estranxeiro que requiren unha programación máis longa e complexa, aínda que comprenden normalmente un número reducido de alumno/as. Tamén habería que indicar como actividades de interese cara a convivencias todos os actos referidos a algunha festividade ou conmemoración, tales como o día da paz, as letras galegas ou a festa do Entroido, nas que se organizan charlas, visionado de películas, concursos ou festivais no que se require a participación activa de moita xente. Por último sinalar a asistencia do alumnado a conferencias monográficas sobre temas de interese para eles, e moi relacionados cos problemas da xuventude, como poden ser a prevención de drogodependencias ou o mal emprego das novas tecnoloxías para manipulación de menores ou acoso escolar.

### 3.4. Detección de necesidades

Como pode apreciarse existen moitas accións encamiñadas a acadar unhas mellores relacións entre os alumno/as e conseguir unha coexistencia máis pacífica e harmónica que facilite a labor educativa e produza uns futuros cidadáns que ademais de aprender unhas certas disciplinas útiles e adquirir unha mínima cultura, saiban vivir nunha sociedade organizada e democrática.

#### 3.4.1. Comisión da Convivencia no Centro

Constituído polos seguintes membros:

- Presidente: Carlos García Fernández
- Secretario: Fernando Malvar Cortizo
- Profesorado: Manuel Lourenzo Sobral e Segundo Caamaño
- Non Doc.: Javier Serrano
- Alumn.: Daniel Pais
- AMPA: Elisabet Tato

vai ser o instrumento básico que se dedicará a analizar, estudar, e dar solucións a todas as cuestións relacionadas coa convivencia, e é o ente adecuado para facer revisións periódicas do funcionamento do sistema, reflexionar sobre o que hai que cambiar ou corrixir a través da elaboración dunha memoria da convivencia que tratará poñer de manifesto a eficacia das medidas tomadas.

[volver](#)

#### 3.4.2. Revisar as Normas de Orde e Funcionamento do Centro

Manter actualizado o NOF do Centro como un documento básico que permite resolver as cuestións relacionadas coa orde e a disciplina do sistema educativo, xa que aínda que falamos no análise conceptual de sistema integrado tamén deixabamos patente que iso non se contraponía a aplicación de determinadas medidas punitivas, cando estas fosen necesarias, aínda que temos que intentar que sexan as mínimas posibles, resolvendo a maior parte dos problemas no ámbito da prevención.

#### 3.4.3. Potenciar o Plan de Acción Titorial

É necesario potenciar o Plan de Acción Titorial para incidir coa maior profundidade posible na resolución dos conflitos por vías dialogadas, e inculcar nos alumno/as todas as nocións relacionadas cunha convivencia harmónica que faga posible o noso traballo nas mellores condicións, e forme aos estudantes como cidadáns maduros que saiban convivir nunha sociedade democrática.

#### 3.4.4. Profundar na relación co entorno familiar

Temos que profundar todo o posible na relación co entorno familiar de maneira que haxa a máxima coordinación entre a casa e a escola, única forma de que o sistema poida funcionar con coherencia, xa que o alumno/a só poderá conseguir os seus obxectivos se desenvolve unha actividade compenetrada entre o centro educativo e a vida privada.

#### 3.4.5. Aula de Convivencia

Como medida de reforzo e mellora da conducta, en número moi reducido, o alumnado será temporalmente atendidos adecuadamente para que non perdan tempo de aprendizaxe, e poidan cambiar actitudes que dificultan o seu acoplamento ao grupo e entorpecen o traballo do profesor/a e o dos seus compañeiros.

#### 3.4.6. Organizar un sistema de Mediación para a resolución pacífica de conflitos

Como continuación ao grupo de traballo sobre mediación, realizado no curso 2015-16, neste curso porase en funcionamento un sistema de resolución de conflitos con alumno/as mediadores voluntarios, preparados para enfrontarse a este tipo de tarefas, de maneira que estes poidan desactivarse nas súas fases iniciais e non cheguen a enquistarse e rematar na imposición de sancións.

#### 3.4.7. Manter unha boa coordinación cos servizos de Asistencia Social Municipal

Debemos ter unha boa coordinación cos servizos de asistencia social municipais, xa que dadas as características do alumnado deste centro sempre haberá unha porcentaxe con serias dificultades familiares, que poden ser potencialmente conflictivos ao non estar suficientemente controlados no seu medio familiar, sendo unha posible fonte de problemas para eles mesmos e para os demais.

[volver](#)

### 3.4.8. Redución do fracaso escolar

Deberíamos atacar en profundidade o fracaso escolar, xa que ademais dunha fonte de frustración para o alumnado e o profesorado, é unha causa importante dos problemas de convivencia, e deberíamos abordalo con toda claridade e con tranquilidade, intentando buscar métodos compartidos que sexan aceptados por todos, pero sen caer na desidia e na redución das esixencias académicas, que producirían unha ensinanza de mala calidade e non resolvería os problemas que intentamos solucionar.

### 3.4.9. Mellorar a formación do profesorado en temas de convivencia

Faise necesaria unha boa formación do profesorado en todos os campos e particularmente no que estamos a tratar, de maneira que poidamos abordar os problemas con coñecemento e darlle mellores solucións, e que non sexan a experiencia e a intuición a única forma de facerlle fronte, xa que aínda sendo estes últimos factores importantes, sen unha verdadeira profundización no tema, as solucións que lle deamos tenderán a ser máis parciais, aínda entendendo que a precariedade da crise actual non propicia as mellores condicións para que as autoridades públicas invistan en formación.

### 3.4.10. Continuar fomentando as actividades de grupo

Para terminar esta breve descrición de necesidades, sinalar o interese de continuar con todo tipo de actividades extraescolares que fomenten a convivencia, sexa este o seu obxectivo principal ou secundario, xa que calquera actividade de grupo, ademais do seu propio interese cultural e formativo, propicia as relacións humanas e é unha fonte de experiencias, que axudan a interiorizar a importancia de establecer relacións harmónicas entre as persoas, para que as colectividade poidan ser motivo de enriquecemento persoal.

## **4. PLAN DE ACTUACIÓN**

### **4.1. Obxectivos**

#### 4.1.1. Obxectivos xerais

Sinalaremos aquí unha breve descrición de obxectivos nun sentido amplo como se fose unha declaración de principios xerais que debe tender a cumprir o plan de convivencia. Estes sería os seguintes:

Mellorar a convivencia e a comunicación entre os membros da comunidade educativa.

Promover e establecer actuacións de todo tipo que axuden a promover a convivencia entre os distintos membros da comunidade educativa.

[volver](#)

Desenvolver todo tipo de actuacións relativas a convivencia escolar.

Sensibilizar a comunidade educativa sobre a necesidade dunha adecuada convivencia escolar para conseguir un bo clima que permita e facilite todos os procesos da ensinanza-aprendizaxe.

Implicar a toda a comunidade educativa na difusión e o seguimento do plan de convivencia para mellorar as relacións dos axentes que interveñen no proceso.

Conseguir a integración de todo o alumnado sen distinción de raza, sexo, idade, ou crenzas.

Utilizar a diversidade cultural como un valor positivo que enriqueza ao conxunto da comunidade e axude a mellorar as relacións de convivencia entre os seus membros.

#### 4.1.2. Obxectivos específicos

Aquí recolleemos un conxunto de obxectivos que se centran en asuntos máis concretos que se pretenden acadar coa aplicación deste plan. Sinalaremos os seguintes:

Favorecer que o alumnado se sinta integrado no centro de ensinanza como unha parte activa do mesmo e que perciba todo o conxunto de actividades formativas como elementos de enriquecemento persoal.

Crear un ambiente agradable na convivencia diaria de forma que se eviten estridencias, anomalías e brusquidades cunhas relacións persoais civilizadas entre todos os membros que constitúen a comunidade educativa.

Desenvolver habilidades e estratexias que permitan a mellora no funcionamento da convivencia de maneira que se faciliten os obxectivos de aprendizaxe que se queren acadar.

Superar todo tipo de discriminacións, romper cos prexuizos establecidos e adoptar actitudes positivas que favorezan valores de solidariedade, tolerancia, respecto e responsabilidade.

Inculcar a importancia de actuar con sinceridade como medio adecuado de resolver conflitos de maneira dialogada e potenciar actitudes positivas como amizade fronte ao enfrontamento.

Divulgar o coñecemento das normas que rexen o centro entre o alumnado para que se faga partícipe das mesmas e non as entenda como alleas.

Empregar o diálogo e a mediación como medio para resolver os conflitos que se plantexen antes de que estes deriven en faltas que sexan motivo de sanción.

[volver](#)

Aprender estratexias para a resolución dos problemas de forma pacífica.

Favorecer a asimilación de valores positivos para a convivencia baseados nuns principios éticos e nun coñecemento e aplicación dos dereitos humanos.

Desenvolver habilidades sociais que melloren as relacións e fomenten a comunicación entre os diferentes membros da comunidade educativa.

Potenciar a autoestima entre os membros do alumnado para evitar frustracións individuais que dificulten unha correcta convivencia democrática.

Divulgar e promocionar sistemas de autocontrol persoal para evitar reaccións espontáneas de carácter impulsivo ou violento que sexan un potencial fonte de conflitos.

Esforzarse por crear un sentido da responsabilidade dentro da sociedade como un factor persoal positivo e a importancia do compromiso con diversas causas dentro das sociedades democráticas.

Crear as condicións necesarias para que haxa un ambiente civilizado en positivo dentro e fora das aulas na que prime o diálogo sosegado sen berros malas expresións ou malos modos de actuar.

Mellorar as relacións e colaboración co entorno familiar do alumnado intentando desenvolver unha educación baseada nos valores.

## 4.2. Accións previstas

As accións que se deben lavar a cabo terán que contribuír á consecución dos obxectivos previstos, estarán estruturadas en todos os ámbitos da organización do sistema educativo do centro, terán un carácter interdisciplinar e globalizador, e deberán contribuír á unha mellora da convivencia que permita levar a cabo as actividades educativas nun ambiente de harmonía, solucionando de maneira non violenta os conflitos que se poidan producir.

### 4.2.1. Accións de tipo xeral

O traballo para a convivencia e un obxectivo formativo fundamental no proceso educativo que permite lograr un clima harmónico, participativo e democrático, necesario para desenvolver as actitudes necesarias no alumnado que lle permitan conquistar unha serie de valores e habilidades de comunicación social. Dentro deste contexto considérase importante executar as accións seguintes:

Realizar actividades de difusión do Plan de Convivencia entre todos os sectores da comunidade educativa, mediante charlas ou xuntanzas que expliquen tanto os seus

[volver](#)

aspectos organizativos como os demais contidos necesarios para desenvolver unha parte da formación do alumnado, toda a que ten que ver coa aprendizaxe da participación e a convivencia.

Creación dun servizo de mediación entre iguais, centrado sobre todo no primeiro ciclo da E.S.O. que é onde teñen lugar a maior parte dos conflitos e, polo tanto, faise máis necesario poñer en funcionamento un organismo deste tipo, para crear dende os primeiros anos de escolarización unha cultura de resolución non violenta de conflitos.

Ser moi coidadosos coa vixancias nos períodos de lecer, atendendo con especial atención as zonas de accesos ao centro, os patios e demais espazos nos que se desenvolven estas actividades entre clases.

Organizar de maneira precisa o control dos corredores nos cambios de clase e espazos anexos para evitar a descoordinación nos momentos en que as aulas están sen profesor/a, e intentar resolver os problemas de ruídos excesivos neses mesmos momentos, en especial se algún curso ten que desprazarse de aula cando os outros xa están impartindo clases.

Establecer canles para informar ao equipo directivo de calquera situación na que se produzan condutas contrarias as normas de convivencia, para poder atallalas, coa colocación de buzóns de axuda onde calquera alumno/a poida expoñer que sofre algún tipo de acoso ou se o detectou no contorno escolar.

#### 4.2.2 Accións do Equipo Directivo e dos Órganos Colexiados

O Equipo Directivo debe promover o debate e revisión do Plan de Convivencia na Comisión Pedagóxica, o Claustro de Profesores/as e o Consello Escolar.

Debe concretar no Plan Xeral Anual todas as actuacións para cada curso escolar que se leven a cabo no Plan de Convivencia e que axuden á mellora do Ensino.

#### 4.2.3. Accións do Comisión da Convivencia

Reunións trimestrais, ou cando se considere necesario, para o coñecemento das medidas disciplinarias levadas a cabo e o seguimento do Plan de Convivencia, así como a elaboración da memoria anual de convivencia de final de curso.

Promover, cando se considere necesario, a coordinación cos diferentes departamentos educativos de actividades de educación en valores e establecemento de normas acordadas cos alumno/as para efectuar actividades de aprendizaxe cooperativa.

#### 4.2.4. Accións do Departamento de Orientación

Orientar ao profesorado nas medidas especializadas que debe adoptar ante situacións de alumno/as con problemas específicos de conflictividade ou dificultades de adaptación á convivencia.

[volver](#)



Colaborar cos titores/as para levar a cabo actuacións formativas en aspectos relacionados coa convivencia, tales como a resolución de conflitos ou o desenvolvemento de habilidades sociais.

Entrevistarse con alumno/as que presenten problemas de integración ou conflitividade, que dificulten o seu funcionamento dentro do grupo.

Colaborar co equipo directivo, especialmente coa xefatura de estudos, nos problemas que se presenten en alumnado con dificultades de acoplamento ao sistema educativo.

Orientar ao profesorado sobre as mellores medidas para actuar con alumno/as conflictivos ou con dificultades de integración, e dar información relevante sobre os posibles motivos que poden dar lugar a determinadas actitudes complicadas dentro da aula, sempre respectando a intimidade do alumno/a.

Presentar unha reseña dos alumno/as que se incorporan á clase unha vez comezado o curso, para que o profesor/a poida ter unha información básica dos seus antecedentes e actuar con maior axilidade na súa integración dentro do grupo.

Colaborar co profesores/as encargados da aula de convivencia sobre aspectos relacionados co alumnado que se atope temporalmente na mesma, por si é necesario empregar material especializado para axudar a modificar condutas que dificulten o funcionamento do alumno/a dentro do seu grupo.

Elaboración dun programa específico de Habilidades Sociais dirixido ao alumnado que sexa remitido reiteradamente á Aula de Convivencia e ao alumnado sancionado con suspensión do dereito de asistencia ao Centro.

#### 4.2.5. Accións da tutoría

Acollida e integración do alumnado, e organización e coordinación para o establecemento de forma consensuada das normas de convivencia que van a regular o funcionamento do grupo clase

Desenvolvemento de actividades para reforzar as habilidades sociais, a prevención do maltrato e do acoso en coordinación co departamento de orientación.

Organizar o reparto de responsabilidades no grupo, supervisando a elección de delegado e subdelegado e o nomeamento de encargados de diferentes tarefas tales como programación de exames, control da aula e o seu material ou encargado de subir e baixar as persianas e apagar as luces da aula.

Realizar actividades que favorezan o desenvolvemento da autoestima

Promover o coñecemento da normativa legal, NOF, dereitos e deberes, Plan de convivencia.

[volver](#)

Fomentar as asembleas de clase para tomar decisións que afecten a todo o grupo, e establecer canles de participación na resolución de conflitos.

Potenciar a figura do delegado que debe fomentar a convivencia colaborando cos titores nos temas que afecten as relacións do grupo

Desenvolver sesións de tutoría para avaliar a convivencia no grupo e formular propostas de mellora.

Facer de intermediario coas familias en labores de comunicación e información, desenvolvendo entrevistas en horario de xuntanzas, só ou con outros membros do profesorado e o equipo directivo.

#### 4.2.6. Accións do profesorado

Establecer un bo clima de traballo na aula, e desenvolver estratexias para intentar mantelo durante todo o curso, de maneira que o alumnado sinta que forma parte do proceso de ensinanza e poida participar nel activamente como parte fundamental do mesmo.

Consensuar unhas normas de funcionamento do grupo clase que deberían estar coordinadas para o conxunto do profesorado do curso, e deben ser claras e concretas, enunciadas en positivo, realistas e fáciles de cumprir, facilmente comprensibles, non excesivas en número, elaboradas nas primeiras clases do curso académico, con medidas correctoras en caso de incumprimentos e que non vaian en contra de outras de rango superior.

Actuar ante os conflitos e faltas de orde coa maior flexibilidade posible, moderación e criterio, e aplicar a medida correctora que o alumnado comprenda que é xusta e necesaria, para que así se converta en motivación para un cambio positivo.

#### 4.2.7. Accións do persoal non docente

Controlar a entrada de persoas no vestíbulo do centro durante a xornada laboral, e asesorar ás persoas ou familias que requiran información xeral ou que queiran contactar cun membro da comunidade educativa.

Controlar a entrada dos alumno/as na primeira hora da mañá, antes de que comecen as clases, de maneira que non haxa desperfectos, abusos ou actos vandálicos.

Informar aos alumno/as de cuestións xerais de funcionamento do centro que estes poidan requirirille, sempre que estean dentro das súas atribucións e poidan ser contestadas.

Avisar aos profesores/as para calquera asunto que poidan ser requiridos por persoas que veñen do exterior, especialmente para entrevistas con pais de alumno/as.

[volver](#)

Deixar constancia escrita de calquera alumno/a que teña que saír do centro acompañado de unha persoa maior acreditada, dentro do horario escolar.

#### 4.2.8. Accións do alumnado

Comunicar ao equipo de convivencia as presuntas actuacións de conflito, maltrato, acoso ou agresións.

Participar nas diferentes actividades que se realizan no centro para a mellora da convivencia.

Rexeitar condutas contrarias as normas de convivencia, sexistas de racismo ou xenofobia dentro e fóra do recinto escolar.

Colaborar co profesorado na acollida do alumnado de novo ingreso, e favorecer a súa integración dentro do curso.

Dinamizar as actividades do centro, organizando ou participando nas actividades extraescolares ou complementarias.

Participar no coidado da clase, manténdoa limpa, agradable, ordenada, ben decorada e personalizada, segundo os gustos do alumnado e promover a participación e toma de iniciativas neste senso para sentirse orgullosos do espazo de traballo.

Ser respectuosos coa orde dentro e fóra da aula e evitar aglomeracións, empuxóns, berros ou calquera tipo de condutas agresivas innecesarias que produzan un ambiente desagradable para unha convivencia harmónica.

#### 4.2.9. Accións das familias

Colaborar co profesorado en todas as cuestións que se lle soliciten

Informar ao titor/a de situacións de alteración do comportamento ou acoso que poida sufrir o seu fillo.

Colaborar co centro nas medidas que se lle imponhan aos seus fillos por condutas contrarias ás normas de convivencia.

#### 4.2.10. Accións de coordinación con outras institucións

Ter un contacto periódico con asuntos sociais, fundamentalmente a través do departamento de orientación do centro e o traballador social do concello, para pedirle colaboración cando sexa preciso traballar dende un punto de vista social, con algunha familia en concreto.

Ter unha relación fluída e periódica co centro de acollida do Príncipe Felipe, tamén a través do departamento de orientación, para resolver de forma rápida todos os

[volver](#)

problemas que poidan plantexar os alumno/as residentes en dita institución e que cursen estudos no noso centro.

Desenvolver un contacto regular co Secretariado xitano a través do departamento de orientación, para todo tipo de problemas peculiares que poidan plantexar os alumno/as pertencentes a dita etnia que temos escolarizados no centro, en especial asuntos relacionados co absentismo escolar

Colaborar cos servizos de xustiza, especialmente no caso de tutela de menores, defensa dos dereitos dos menores ou problemas de absentismo escolar que non poidan ser resoltos polos condutos habituais a través das familias.

Manter liñas de colaboración con sanidade, ben para participar en campañas de carácter xeral ou de xeito máis específico cos centros de orientación familiar ou coa unidade de saúde infantil-xuvenil, no caso de alumnado que deba ser remitido a este servizo polo departamento de orientación, alerta sanitaria.

#### 4.2.11. Accións complementarias

Aínda que moitas das cuestións que se mencionarán a continuación xa se sinalan noutros apartados e en distintas materias e actividades, sería interesante establecer certas accións que incidiran sobre temas que teñen unha importancia fundamental. Estes poderían estar enfocados en dúas direccións: actos conmemorativos de certos eventos de especial importancia formativa no campo da convivencia, e a realización de programas específicos que incidiran sobre aspectos sensibles para a formación dos alumno/as.

Dentro das conmemoracións, poderíanse establecer certos días dedicados a temas de especial relevancia, algúns dos cales xa se desenvolven habitualmente, e que se poderían rotar ou introducir outros novos en cursos sucesivos. Algunhas poderían ser as seguintes:

Semana da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia, no que se podían desenvolver asuntos que axudaran a comprender a importancia do establecemento de grandes normas sociais, como base dunha sociedade democrática, e toda a loita que foi necesaria para saír de situacións autoritarias para acadar unha sociedade que reconece e respecta os dereitos dos cidadáns.

Día internacional contra a Violencia cara ás Mulleres que xa se conmemora na actualidade, e a través do cal se podería poñer de manifesto toda a complicada e longa loita que foi necesaria para aproximarse a acadar unha igualdade de dereitos entre homes e mulleres, e como esta propia igualdade da lugar a situacións de violencia irracional.

Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, tema que se traballa sobre todo en certas materias e que serviría para profundar na importancia que dita declaración tivo e segue a ter para acadar unha convivencia democrática nas sociedades modernas que respectan os dereitos do individuo.

[volver](#)

Día escolar pola Paz que tamén se traballa nalgunhas materias e se celebra habitualmente, e que axudaría a comprender toda a loita dos movementos pacifistas e no que se poderían tocar distintos temas monográficos, como por exemplo o estudo da traxectoria de personaxes relevantes que teñen acadado o premio Nobel da Paz.

Día Internacional da Muller Traballadora, tema sobre o tamén xa se traballa e que axudaría a comprender o proceso de incorporación da muller ao mundo laboral, con todos os problemas que isto supuxo e aínda supón, e a grande transformación social á que deu lugar.

Dentro da elaboración de programas específicos que permitiran desenvolver e estudar temas que axudarán á comprensión da importancia dunha convivencia harmónica dentro de calquera grupo humano, poderíamos sinalar tamén algunhas cuestións que se poderían ir desenvolvendo en distintos cursos académicos, e incluso repetilos, se se considera que teñen especial relevancia como experiencia formativa para mellorar as relacións entre as persoas, e facer máis agradable e eficaz a convivencia no centro educativo. Sinalaremos algunhas posibilidades:

Elaborar un programa de hábitos sociais moi serio e co compromiso de todo o profesorado que permitise potenciar e desenvolver aspectos que se tratan no plan de acción tutorial co fin de obter resultados prácticos. Este é un tema de especial relevancia e que non acaba de funcionar. Os alumno/as teñen que aprender a circular polos corredores sen berrar, respectando ao demais alumnado que está nas súas aulas e a convivencia pacífica no centro. Teñen que saber entrar en clase sen empuxóns, ordenadamente e saudando e saír da mesma maneira, teñen que aprender a sentarse correctamente e falar en voz baixa, creando un ambiente sosegado de traballo, non falar todos xuntos senón polo contrario respectar os turnos de palabra, falar correctamente sen empregar expresións inadecuadas ou malsoantes, non introducir en voz alta calquera tema que se lles ocorra e que non teña nada que ver co que se está a tratar nese momento. Teñen que respectar unhas normas de comportamento na aula e no centro sen as cales a convivencia e o aprendizaxe fanse imposibles. Se queremos impartir unha ensinanza participativa, de colaboración e de axuda mutua non podemos colocar continuamente aos alumno/as en mesas separadas con traballo individual. Se queremos facer traballo de grupo antes temos que conseguir un ambiente de relación adecuado, e isto só se pode acadar respectando unhas pautas lóxicas de comportamento e convivencia razoable. Senón acadamos este obxectivo de maneira colectiva só podemos encamiñarnos a un fracaso continuado.

Elaborar un programa de desenvolvemento e potenciación de hábitos culturais dos que se tocan moitos aspectos pero que non acaban de asentarse no alumnado que ten en xeral un nivel cultural moi baixo, e o interese pola cultura está moi relacionado co interese pola educación e a adquisición de coñecemento, e este é a base de que consideren importante a asistencia a un centro educativo. Todo o que se poida facer para que escoiten unha música que non sexa a habitual de consumo, vexan unha película que non teña un carácter meramente comercial, consigan atender nunha charla sobre un tema de interese sen que haxa que estar controlándoos para que estean calados, ou se afeccionen á lectura, vai redundar no seu interese e no do centro no seu conxunto.

[volver](#)

Se parten dun medio familiar que non lle proporcione o acceso á cultura, tería que procurar o centro cubrir polo menos en parte esa deficiencia de partida.

Elaborar un programa de fomento da lectura, xa que aínda que se atopa dentro do ámbito xeral da formación cultural, ten suficiente entidade po si mesma, pola súa

amplitude e importancia e está especialmente en perigo polo baixo nivel de letra existente entre os alumno/as, que mesmo teñen dificultades par interpretar textos sinxelos. O baixo nivel de hábitos lectores tamén se ve agravado polo emprego de novas tecnoloxías, que aínda que en principio parece que deberían propiciar a necesidade de lectura e escritura producen o efecto contrario. Tamén provoca a diminución de hábitos lectores o tempo que se emprega cos medios audiovisuais que reducen o tempo e as gañas de dedicarse á lectura. Neste campo existe xa un equipo de profesores/as que crearon un grupo de biblioteca e un club de lectura, ademais de poñer en marcha de novo o proxecto lector que na súa versión anterior tivo escaso éxito e eficacia, debido a defectos de enfoque.

Potenciar os programas da cultura para a paz e a interculturalidade que se desenvolven a través do Comité Unesco e de xeito interdisciplinar por medio do currículo dos diferentes cursos e materias, e que selecciona e elabora materiais que posteriormente son empregados para potenciar eses valores e favorecer conmemoracións como o xa indicado día da paz. Podería seleccionarse material audiovisual sobre outras culturas e identidades que permitira aproximalas ao mundo do alumnado, de forma que deixasen de resultar totalmente alleas e fomentaran unha maior comprensión e familiaridade coas mesmas. Sería interesante propiciar que o propio alumnado orixinario doutras sociedades, como por exemplo o marroquí puidera aportar experiencias relacionadas coa súa cultura que o aproximasen máis ao mundo occidental, e fíxese ao mesmo tempo que se sentiran eles máis integrados dentro da nosa sociedade.

Deseño dun programa de Educación para a saúde que axuden a reducir comportamentos de alto risco asociados con enfermidades transmitidas sexualmente, abuso de alcol e drogas e danos á integridade física entre outros, que estaría centrado na titoría e en aquelas materias con maiores contidos relacionados coa temática a abordar. Aínda que neste campo xa existen iniciativas e actividades para desenvolverlas, non estaría mal incidir nelas o máis posible xa que son temas de especial importancia no mundo dos adolescentes e teñen un contido formativo fundamental.

Elaborar un plan de acollida para todo o profesorado novo que entre por primeira vez no centro, prestándolle a mellor información posible para que se integren de forma satisfactoria, informándoos sobre aspectos da organización e funcionamento, tales como horarios, planos da edificación, actividades e protocolo de faltas de asistencia.

Traballar todos os niveles de participación para que as familias sintan que o centro é un lugar agradable onde se teñen en conta as súas opinións, e para iso é fundamental o traballo dende a titoría, a orientación e a dirección do centro e aínda que todo isto xa se desenvolve habitualmente, nunca está demais reflexionar e mellorar todos os aspectos posibles relacionados co fomento de relacións familia centro, de

[volver](#)

maneira que estas se sintan como parte constituínte do mesmo, co que teñen que colaborar para conseguir a mellor formación posible para os seus fillos.

### 4.3 Protocolos

Imos establecer unha serie de pautas revisables anualmente, cando se reconsidere a actualización do plan, que nos permitan contar cunhas formas de actuar comúns ante situacións que se repiten. Ter formas de actuación estandarizadas non implica unha redución da liberdade de actuación, senón a seguridade de que procedemos correctamente ante os sucesos que se nos presentan e que podemos revisar e cambiar de común acordo, se observamos que hai deficiencias ou deixan de ser operativos. Ante os problemas complexos de convivencia soe haber regulamentación que nos marca o proceso a seguir e que aquí nos limitaremos a describilo e poñelo en claro, en outros asuntos que non estean establecidos por lei, nós podemos regulalos en busca dunha maior operatividade e seguridade de acción. Podemos marcar protocolos en todo o que consideremos necesario e, analizaremos os resultados, engadiremos aspectos que non tiveran sido contemplados en primeira instancia e anularemos ou substituiremos outros que presenten deficiencias ou resulten pouco operativos.

#### 4.3.1. Puntualidade

Para regular a puntual asistencia a clase que evite distorsións no funcionamento da mesma, desorde e problemas de control do alumnado, estableceremos as medidas que se describen a continuación.

Durante a primeira hora da mañá a porta de acceso as aulas pecharase as nove e cinco, e os alumno/as que cheguen despois desa hora permanecerán no vestíbulo, ata que sone o timbre para a segunda hora de clase e se incorporen á mesma, ás dez menos dez da mañá. Durante o tempo de espera estarán controlados dende a conserxería e polo profesorado de garda da primeira hora, que tomara nota dos nomes dos alumno/as nun libro de rexistro, por se existe reincidencia que pode ser motivo de sanción, ou a Xefatura de Estudos considera necesario tomar algún tipo de medida ou chamar a casa dalgún menor, directamente ou a traveso do titor/a. Independentemente de que este alumnado quede rexistrado nun libro habilitado para tales efectos, cada profesor/a pasará lista ao principio da clase e deixará constancia da falta de asistencia do alumno/a á clase correspondente. O alumnado de ESO e FPB será trasladado a un lugar habilitado para que poidan realizar tarefas relacionadas coas materias de ese día.

Durante a xornada escolar os alumnos/as teñen que permanecer dentro das súas aulas entre clase e clase, saído unicamente para a hora do recreo. Se algún alumno/a tivese saído e chegara tarde quedará rexistrada na aplicación XADE a súa falta de puntualidade e recibirá a amoestación que o profesor/a considere conveniente. Cando o alumnado teña que desprazarse da súa clase habitual a unha aula específica distinta da súa, disporán como máximo dun tempo de cinco minutos para incorporarse ao novo espazo, pasado este tempo recibirá a correspondente falta de puntualidade que quedará reflectida.

Despois do recreo tamén haberá como máximo un marxe de cinco minutos para incorporarse a aula correspondente, e a primeira hora da tarde arbitrase un mecanismo equivalente ao da primeira hora da mañá para controlar a puntualidade.

[volver](#)

#### 4.3.2. Ausencias xustificadas

Se un alumno/a ten que abandonar a súa clase por un motivo xustifico e saír do centro, deberá esperar na aula ata que o chame o conserxe que o acompañará ao vestíbulo, onde terá que esperalo unha persoa maior de idade e autorizada, que se fará cargo do menor, e deixará constancia da ausencia do mesmo nun impreso que cubrirá en conserxería, especificando a hora na que se produce a saída. Se o alumno/a regresa ao centro dentro na mesma xornada, incorporárase a súa clase e o profesor/a correspondente deixará constancia da súa asistencia cando pase lista.

#### 4.3.3. Ausencias de clases por motivos académicos

Se un alumno/a, ou varios ou todo o curso ten que ausentarse de clase por motivo dalgunha actividade académica programada que se desenvolve fóra da aula, tales como excursións ou saídas de calquera tipo, o profesor/a debe ser informado da ausencia do seu alumnado, a ser posible por escrito, especificando se é todo o curso o que vai faltar a clase ou, no caso dunha ausencia parcial, definir cal é o grupo de alumno/as que se vai ausentar da aula, información que se pode proporcionar a través do titor/a e mediante o delegado do curso. En ausencia de notificación escrita, pódense proporcionar estes datos a través dun taboleiro de anuncios ben estruturado, por días da semana, cunha información perfectamente organizada, clara e lexible.

#### 4.3.4. Incorporación de novos alumnos/as

Cando algún novo alumno/a se incorpora a un curso cando este xa comezou, será presentado polo titor/a o resto do alumnado do grupo do que vai formar parte, e o delegado do curso debe facer as presentacións de dito alumno/a ao resto dos profesores/as que lle van dar clase. Ademais cada profesor/a debe dispoñer dunha breve reseña escrita das características do novo alumno/a que se lle proporcionará dende a Xefatura de Estudos, para que o acoplamento do mesmo ao seu curso sexa o máis áxil posible, respectando sempre a intimidade do estudante, non revelándose en ningún caso aspectos que deben permanecer en segredo.

#### 4.3.5. Asistencia de alumnos/as a actividades académicas fóra do centro escolar

Se os alumnos/as teñen que asistir a actividades extraescolares fóra do centro educativo deberán contar coa correspondente autorización do seu pai, nai ou titor/a que deberá reflectirse por escrito no correspondente impreso que lle proporcionará o titor/a do curso ou o profesor/a encargado de organizar a actividade, e o alumno/a deberá entregala perfectamente cuberta e asinada antes de saír ao exterior. En caso de non presentar o impreso de autorización o alumno/a non poderá facer a actividade e deberá permanecer no centro educativo. Neste último caso, o alumno/a ou alumno/as que permanezan no centro por este motivo ou por que non se lle permiten as saídas por algún tipo de falta cometida ou por outras causas, serán atendidos polos profesores/as que terían que impartir clase nese curso durante o tempo que dure a actividade.

[volver](#)



#### 4.3.6. Indisposicións temporais

Se un alumno/a durante a hora de clase se atopase indisposto, pode saír temporalmente con outro compañeiro para tomar algunha cousa, que autorice alguén do equipo directivo, que lle poida sentar ben e incorporarse a continuación a clase. Non se lle poderán proporcionar calmantes nin ningún outro medicamento por tratarse na maior parte das ocasións de menores de idade, dos que o centro non conta con autorización para tomar unha decisión dese tipo.

Se se considera ou o alumno/a así o pide, poderá saír de clase acompañado do delegado de curso ou de outro compañeiro e dirixirse a zona de Dirección do Centro para que un responsable do mesmo chame a casa do alumno/a para que o veñan a recoller e levalo ao seu domicilio.

#### 4.3.7. Accidentes e emerxencias

Se se observa que un alumno/a ten unha indisposición urxente ou sufriu un accidente durante o período lectivo, o profesorado que sexa responsable nese momento do alumno/a, acudirá á Dirección do Centro para que se responsabilice do mesmo e tome as decisións que considere máis oportunas, ben dirixíndose á familia para que o recolla ou, se o asunto presenta especial gravidade ou o alumno/a non pode ser atendido nese momento por ningún familiar, para que chame unha ambulancia que remita ao alumno/a indisposto ao centro de emerxencias sanitaria que corresponda. Nunca se deberá levar ao alumno/a ao médico no coche particular dun profesor/a nin este debe responsabilizarse do que lle poida pasar fóra do centro, sendo necesario sempre recorrer á familia ou a persoal especializado. Nos casos de alumnado recollido no plan de Alerta Escolar, ademais de avisar á familia, chamarase con urxencia ao 061.

#### 4.3.8. Absentismo escolar

O alumnado que non asista a clase terá que xustificar a súa falta de asistencia mediante a cumplimentación dun impreso específico que deberá cubrir o seu pai, nai ou titor/a e que pode ir acompañado de calquera outro impreso oficial que axude a darlle maior valor á xustificación. Dito impreso debe ser ensinado a cada profesor/a co que o alumno/a tivo a falta de asistencia para que o indiquen na ficha do alumno/a, e despois entregado ao titor/a do curso para que faga constar oficialmente.

Se o alumno/a que se ausentou cursa E.S.O., F.P.B. ou Bacharelato, non pode perder nunca o dereito á avaliación continua, xa que non se contempla legalmente neste nivel educativo, e as faltas de asistencia non xustificadas ou moi abundantes e estrañamente xustificadas, poden ter unha motivación de absentismo escolar continuado que iría en contra da lexislación, que obriga ao menor a asistir regularmente a clase. Nese caso o titor/a do curso ou se é necesario o Xefe de Estudos poñerase en contacto co titor/a do alumno/a para aclarar a situación e modificala o máis rapidamente posible. En caso de non recibir unha resposta positiva, o centro comunicará esta situación aos servizos sociais do Concello para que tomen as medidas que correspondan.

[volver](#)

En Formación Profesional, a regulamentación da asistencia está claramente establecida pola lexislación vixente, xa que neste tipo de estudos enténdese que cada módulo profesional ten un número de horas fixas, das que só se pode faltar un 10% se se quere ter dereito de ser avaliado por parciais, e as normas de asistencia son moi estritas, non admitíndose calquera tipo de xustificación, salvo asuntos médicos claros, deberes inescusables ou casos que sexan dunha especial gravidade demostrable. Con estes alumno/as actuarase remitíndolle unha comunicación escrita cando leve perdido o 6% das faltas máximas dun módulo profesional, é un escrito definitivo para comunicarlle a perda do dereito á avaliación continua cando teña cumpridas todas as faltas de asistencia máximas permitidas, 10%.

En todos os casos de absentismo escolar é moi importante que as faltas de asistencia se pasen con regularidade ao sistema informático centralizado, a través do programa Xade que é actualmente o que lle da validez legal a toda a información dispoñible.

#### 4.3.9. Conflitos leves ou de baixa intensidade

A actuación ante conflitos habituais durante o período de clase resolveranse tomando unha serie de medidas por parte do profesor/a que está exercendo a docencia nese momento ou polo profesor/a de garda do curso. Empregaranse unha serie de medidas correctoras típicas, comezando normalmente por amoestacións verbais e chamadas ao orde, cambios temporais de lugar dentro da aula, con outro compañeiro ou nun pupitre illado, ou incluso expulsións de non máis de cinco minutos ao corredor para que o alumno/a reflexione e poida volver ao interior do aula e incorporarse ao traballo do grupo. Todas estas medidas correntes e outras do mesmo estilo que poida impoñer o profesor/a, poden ir acompañadas, se este o considera conveniente, de comunicacións ao titor/a do curso, para que este poida tomar medidas se o considera necesario, facendo chamadas á familia do alumno/a, contactando antes se é necesario co Xefe de Estudos, coa finalidade de que o alumno/a poida cambiar e corrixir a súa actitude negativa.

Se o profesorado do curso considera que un alumno/a merece unha falta de orde como sanción polo seu comportamento nun momento determinado ou unha actitude negativa reiterada, poderá poñerlla tal como esta establecido nas NOF, e faraa constar no correspondente impreso, cubrindo todos os datos que alí se lle requiren e logo remitirá dita falta ao titor/a do curso que, a través doutro impreso e unha chamada telefónica se o cre necesario, comunicará a sanción imposta ao titor/a do alumno/a.

A imposición dunha falta de orde a un alumno/a pode levar implícita a súa expulsión da aula, seguindo un procedemento que describiremos, ou polo contrario pode permanecer na mesma despois de ser sancionado, se o profesor/a se decanta por esta segunda opción.

Todas as intervencións na aula poderán tipificarse mellor se se chegan a establecer unhas normas de funcionamento da mesma, nas que se especifiquen claramente o tipo de actuación ante condutas contrarias á convivencia e que dificultan o proceso da ensinanza-aprendizaxe.

#### 4.3.10. Expulsións temporais de clase

Se un profesor/a considera que un alumno/a esta causando problemas nun momento determinado na súa aula e que debe ser expulsado temporalmente da mesma, sancionará ao alumno/a cunha falta de orde que fará constar no impreso correspondente que será remitido ao titor/a do curso. Encargará ao delegado de clase que localice ao profesor/a de garda para que recolla e se faga cargo do alumno/a sancionado. Este encargárase da súa custodia durante o tempo que quede da clase da que foi expulsado, e de que realice as tarefas encargadas polo seu profesor/a no momento da expulsión. Cando toque o timbre que anuncie a hora seguinte dito alumno/a incorporárase co seu curso para asistir con normalidade á clase seguinte.

#### 4.3.11. Imposición de falta de orde

Calquera alumno/a, durante as horas de clase, recreo, gardas ou saídas extraescolares durante o período lectivo pode ser sancionado con falta de orde, se comete algunha falta que estea tipificada nas NOF do centro como unha conduta contraria as normas de convivencia. Dita falta ten unha tramitación que está tipificada e que xa se mencionou en apartados anteriores que consiste na cumplimentación dun impreso no que figuran os nomes do alumno/a sancionado e do profesor/a que o custodiaba nese momento, así como a hora e lugar do incidente. Ademais conta cun apartado onde se fai unha descrición razoada do sucedido e se dirixe ao titor/a do curso ao que pertence o alumno/a. Dito titor/a cumprimenta un novo impreso no que comunica ao pai, nai ou titor/a legal do alumno/a e a Xefatura de Estudios a sanción que lle foi imposta e motivo da mesma. Se se trata de faltas leves, as faltas de orde son arquivadas por se o alumno/a reincide o cal pode ser motivo dunha sanción concreta. Se a falta de orde responde a un motivo grave o normal é que se tomen medidas inmediatas entre elas a posibilidade de apertura de expediente disciplinario.

#### 4.3.12. Privación do dereito de asistencia do centro educativo por un prazo máximo de tres días

Un alumno/a que sexa sancionado en tres ocasións con faltas de orde que responden a unha tipoloxía leve será privado do dereito de asistencia ao centro educativo ou a determinadas clases durante un prazo de ata tres días, nos que non poderá entrar no recinto escolar, aínda que poderá asistir a exames e permanecer no centro durante o tempo xusto de duración dos mesmos, ou por algunha outra causa especial que sinale a Dirección do centro e se lle encargaran tarefas para non perder o ritmo do curso.

#### 4.3.13. Derivación dun alumno/a á Aula de Convivencia

A petición de calquera profesor/a, o titor/a ou a iniciativa do equipo directivo pódese estudar a posibilidade de derivar un alumno/a cara a Aula de Convivencia como

[volver](#)

medida para apartalo temporalmente do seu curso. Calquera alumno/a que presente condutas disruptivas continuadas, falta grave de interese por seguir a marcha normal do curso, falta sistemática de material escolar ou calquera outra causa que provoque alteracións regulares da marcha do curso, e que poida provocar que dito alumno/a se descolgue do ritmo ordinario de traballo, con risco de perder os estudos, pode ser motivo de que sexa apartado temporalmente do seu curso e integrado na Aula de Convivencia, onde sería atendido por profesorado encargado da mesma. O traslado a dita aula pode producirse despois de que o alumno/a sufrira algún tipo de sancións ou antes das mesmas, se se observa que as súas actitudes poden ser perigosas para o grupo e para el mesmo e é preferible tomar medidas preventivas antes de que a situación se deteriore máis e só se poidan adoptar recursos máis drásticos e menos eficaces.

A derivación á Aula de Convivencia terá que ser comunicada á familia do alumno/a e non supoñerá en ningún caso a perda de aprendizaxe e retraso respecto aos compañeiros do seu curso. O alumno/a irá acompañado dun escrito no que se indique o tempo que permanecerá na Aula e un plan de traballo no que se especifique as tarefas que terá que realizar, para non retrasarse nos estudos con respecto aos seus compañeiros, e os exercicios que se considere necesario que debe facer, ou os temas sobre os que debe reflexionar para mellorar a súa actitude e conseguir unha mellor integración no grupo. Dito plan contará polo tanto en liñas xerais de dúas partes, unha de tipo xeneralista coa execución de traballos relacionados coas distintas materias que cursa, e outra máis específica, definida pola orientación do centro que terá que ver coa realización de actividades encamiñadas á mellora das súas Habilidades Sociais e ao desenvolvemento de estratexias de autocontrol coa finalidade de fomentar a súa integración e progreso educativo.

#### 4.3.14. Apertura de expediente disciplinario

Se un alumno/a incorre en condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, tales como o emprego de accións violentas física ou verbalmente contra algún compañeiro, un profesor/a ou algún outro membro da comunidade educativa, ou provoca destrozos intencionados e graves de material do centro, ou comete faltas leves reiteradas sen cambiar de actitude a pesar de tomar con el todas as medidas correctoras posibles, ou comete calquera outra acción demostrable de especial gravidade, tal e como se recolle nas normas do centro. Poderá ser sometido a un expediente disciplinario, unha vez determinado que non é posible aplicar o procedemento conciliado, que conleve a correspondente sanción que pode ir dende un determinado número de días de privación do dereito de asistencia ao centro ata o seu traslado a outro lugar, sen perder nunca o dereito á escolarización, que está garantida por lei na súa etapa obrigatoria que é onde se producen a maior parte destes casos.

[volver](#)

### **4.3.15. Actuacións en caso de acoso escolar**

O fenómeno do *bullying* ou acoso escolar vén definido como “unha conduta de persecución física e/ou psicolóxica que realiza un alumno ou alumna contra outro, ao que elixe como vítima de varios ataques” (Dan Olweus). Trátase, polo tanto, dunha situación continuada no tempo e de grande intensidade, na que unha das partes se sente poderosa e asume o papel de agresor ou acosador, en tanto que a outra, máis vulnerable, asume o papel de vítima ou acosada. Polo tanto, malia a alarma social creada por veces nos medios, non debe confundirse unha situación de acoso con pelexas puntuais ou con situacións nas que as dúas partes se atopan en situación de igualdade”.

#### **Cráterios de identificación:**

1. A existencia de intención de facer dano.  
Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente.
2. A repetición das condutas agresivas.  
A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente. Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente. Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo. É un tipo de violencia difícil de identificar, isto é debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, pero o alumnado si ten coñecemento dos sucesos.
3. A duración no tempo, co establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.  
Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. É unha situación desigual, de indefensión para a vítima. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación”.

Calquera membro da comunidade escolar (alumnado, profesorado, familias, persoal non docente) que teña coñecemento dunha situación de acoso entre alumno/as, ou considere a existencia de indicios razoables do mesmo, ten a obrigaón de poñelo en inmediateamente en coñecemento do equipo directivo do centro.

Para valorar a situación de denuncia o Xefe de Estudos, seguindo as instrucións do Director, solicitará ao titor/a do alumno/a afectado que recibe información relacionada coa situación e se o considera necesario pode completar esta información coa aportada dende o entorno familiar ou calquera outra complementaria que considere significativa.

En función da información aportada polo titor/a, o Director poderá establecer medidas preventivas de protección que garantan a inmediata seguridade do alumno/a supostamente acosado, medidas que poderán consistir entre outras no aumento da vixilancia das zonas e os momentos nos que se teña denunciado que soe producir o acoso e o cambio de grupo.

Se da intervención do titor/a do alumno/a afectado se confirma a existencia de indicios de acoso, e para verificar dita situación, o Director iniciará o protocolo de Acoso establecido pola Consellería.

[volver](#)

#### 4.3.16. Resolución de conflictos e mediación

Como continuación a Formación do Grupo de Traballo levada a cabo no curso 2015-16, poñerase en práctica a mediación entre iguais.

##### **A MEDIACIÓN:**

A mediación enténdese como un proceso de resolución de conflitos no que dúas partes enfrontadas recorren voluntariamente a unha terceira imparcial, mediador ou mediadora, para chegar a un acordo satisfactorio. Trátase dun método que promove a busca de solucións nas que as dúas partes implicadas obteñen un beneficio, evitando a postura antagónica de gañador-perdedor.

##### **CARACTERÍSTICAS DA MEDIACIÓN.**

- Debe existir voluntariedade por parte das partes implicadas.
- Réxese por regras de confidencialidade, transcendendo dos procesos de mediación só aqueles aspectos que determinen as partes implicadas.
- Esixe revisión e seguimento dos acordos acadados.
- Precisa de formación inicial e permanente das persoas encargadas de levala a cabo.
- Precisa difusión e aceptación do modelo.
- Precisa de espazos, tempos e recursos concretos.

##### **OBXECTIVOS DA MEDIACIÓN.**

- Establecer de forma habitual espazos e vías de negociación para que se contemple como maneira habitual de actuación e resolución de conflitos.
- Aprender a negociar e a chegar a acordos respectando as posicións de todas as partes; aprender a persuadir e convencer ás persoas con quen tratamos e con quen traballamos.
- Aprender tamén a deixarse convencer, isto é, a defender a propia posición e a ser capaz de cambiala ante argumentos de maior peso que os propios.
- Aprender a resolver problemas colectivamente e con flexibilidade.
- Aprender a respectar os acordos e utilizar os instrumentos axeitados para esixir ás outras partes que tamén os respecten.

##### **O EQUIPO DE MEDIACIÓN.**

Para a aplicación desta medida o centro deberá contar cun grupo de mediación, que poderá estar constituído por profesorado, pola persoa responsable da orientación no centro, polos alumnos e alumnas (preferentemente dos primeiros cursos da ESO), Pais e nais e polo persoal non docente.

Poderán realizar tamén tarefas de mediación educadores sociais e demais profesionais externos ao centro que conten coa “formación axeitada”.

[volver](#)

**Funcións do Equipo de Mediación:**

- Levar a cabo as mediacións para as que sexa solicitada a súa actuación.
- Colaborar co Comisión de Convivencia do Consello Escolar no desenvolvemento das súas funcións.
- Elaborar materiais de difusión e información sobre o funcionamento do Equipo de Mediación.
- Promover a inserción da mediación nos documentos do Centro.
- Favorecer o proceso de mellora da formación do Equipo de mediación.
- Colaborar cos titores/as e co profesorado en xeral, nos casos de grupos especialmente conflictivos para establecer un Plan de actuación.
- Elaborar e desenvolver un plan de avaliación do funcionamento da mediación.
- Gardar confidencialidade das actuacións realizadas.

**Directrices para a creación do Equipo de Mediación no Centro:**

- Ao comezo de cada curso escolar o Equipo Directivo informará ao Claustro sobre a posibilidade de implantación da medida, recadando os apoios á mesma e profesorado interesado en participar no Equipo de Mediación.
- A dirección informará do Programa aos distintos sectores da Comunidade Educativa solicitando persoas voluntarias para realizar a función mediadora.
- Realizarase a fase de formación para aquelas persoas integrantes do Equipo que non contén coa formación previa necesaria. Esta levarase a cabo pola X. Departamento de orientación e mais un profesor/a do equipo do ano anterior un representante do alumnado.
- Unha vez formado o equipo de mediación, realizaranse materiais informativos que se facilitarán aos alumno/as e ás familias.
- Informarase aos pais do sistema na primeira reunión informativa a comezos de cada curso escolar.
- Informarase sobre o funcionamento da mediación no Centro aos titores/as, ao profesorado no Claustro...
- A Xefatura de Estudos velará para que os procesos de mediación poidan realizarse en condicións adecuadas de espazo e tempo, así como de proporcionar os recursos necesarios para o desenvolvemento das súas funcións.

[volver](#)

**Características do seu funcionamento.**

- Poderán derivarse situacións de conflitos, sempre e cando haxa voluntariedade das partes implicadas e unha vez valorada a súa idoneidade polo Equipo de Mediación. Nalgúns casos, esta medida poderá ser substitutoria dunha sanción.
- Poderán acudir a procesos de mediación todas as persoas da Comunidade Educativa:

Alumnado, profesorado, persoal non docente e familia do alumnado. Tendo en conta as seguintes precisións:

- o A intervención directa do Equipo de Mediación efectuarase nos conflitos do alumnado de tódolos niveis do centro
- o As partes implicadas no conflito deben chegar a un acordo na elección do mediador/a entre os compoñentes do Equipo de Mediación, coa salvedade de que o alumnado-mediador soamente pode mediar en conflitos que teñan lugar entre o alumnado.
- o O profesorado, os titores/as e a xefatura de estudos poderán propor a medida (cubriendo os formularios pertinentes).
- o A derivación realizarase por escrito, cumprimentando o documento elaborado para tal fin.
- o O Equipo de Mediación levará un rexistro das actuacións realizadas e consecuencias das mesmas.

**Pautas de actuación.**

Ante o xurdimento dun conflito establécense unha serie de pautas que se revisarán cada novo plan de mediación.

1-Nun primeiro lugar realizaremos unha premediación. Nesta fase entendemos que se deben calmar os estados emocionais e as histerias. Separaremos as partes implicadas e deixáremolas “respirar” dándolles un tempo.

2. Unha vez calmados os ánimos levaranse ante a persoa (X.E ou Orientadora) responsable de informar da posibilidade de entrar nunha resolución por mediación do conflito. Esta persoa tamén será a que valore a idoneidade da mediación para o caso concreto.

3-Fases da mediación propiamente dita:

Apertura:

**OBXECTIVOS**

Lograr que os disputantes acorden usar o proceso de resolución de conflitos.

**PROCEDEMENTO**

Explicar brevemente o proceso e as regras básicas

Discutir os beneficios

Preguntar se están dispostos a intentalo.

[volver](#)



## Fase 1:

**OBXECTIVOS**

Axudar a cada un dos disputantes a explicar e definir o problema tal e como o ven.

**PROCEDEMENTO**

Presentar as regras básicas e obter de cada disputante a aceptación de cada unha delas.

Indicar que nesta fase os disputantes deben dirixirse aos mediadores (non deben falar entre eles).

Preguntar a cada un que é o que ocorreu.

Repetir.

Preguntar como lle afectou o problema.

Repetir

Clarificar algúns puntos.

Resumir as preocupacións de cada un deles.

## Fase 2:

**OBXECTIVOS**

Axudar a que cada un dos disputantes entenda mellor ao outro.

**PROCEDEMENTO**

Pedir que falen ente eles.

Facer que cada un repita o do outro.

Ver se tivo cada un dos disputantes unha experiencia similar á que o outro está describindo.

Recoñecer o esforzo de ambos.

## Fase 3.

**OBXECTIVOS**

Axudar a que os disputantes atopen solucións.

**PROCEDEMENTO**

Pedir que cada un expoña unha solución razoable.

Confirmar que cada unha das solucións sexa equilibrada, realista e específica.

Atopar solucións para todos os asuntos importantes que teñan saído á luz.

Felicitalos polo seu traballo.

**Coordinación do Equipo de Mediación**

Efectuaranse as reunións oportunas para levar a cabo o seguimento dos casos de mediación e o desenvolvemento das súas funcións.

[volver](#)

### **Plan de formación do Equipo de Mediación**

Os membros do equipo de mediación recibirán unha formación inicial no momento de integrarse no Equipo.

Fomentarase a asistencia dalgún membro do Equipo ás distintas iniciativas de formación en relación coa mediación e resolución de conflitos.

Nas sesións de coordinación efectuarase a comunicación do aprendido ao equipo.

Adquirirase bibliografía sobre o tema e recadarase información dende outras fontes que será analizada polos membros do Equipo.

### **Avaliación**

Será efectuada polo Equipo de Mediación.

Levarase a cabo a través da propia reflexión e recollida de datos dos membros da comunidade educativa.

Os datos da avaliación serán remitidos ao Comisión de Convivencia do centro, que os incluírá na súa memoria anual.

A avaliación contemplará polo menos os seguintes aspectos:

- Grao de implantación da medida.
- Desenvolvemento das distintas funcións do Equipo de Mediación.
- Procesos de planificación empregados.
- Apoios e dificultades encontradas.
- Propostas de mellora.

### **4.4 Temporalización**

A convivencia ten un sentido de proceso continuado no tempo no que se irán analizando as medidas tomadas e os cambios que haberá que introducir para mellorar o funcionamento do sistema.

O Plan de Convivencia establécese como un plan anual que dura o mesmo que un curso académico, e deberá ser revisado ao comezo do mesmo. Dito plan terá un seguimento periódico mediante un órgano encargado de velar polo seu cumprimento que será creado co propio plan. Este é o Comisión da Convivencia no Centro, cuxa composición e constitución está definida no apartado correspondente deste plan.

O Comisión da Convivencia no Centro celebrará como mínimo tres reunións ordinarias durante un curso académico, unha por trimestre, nas que analizará o estado da convivencia no centro, mediante un informe trimestral que lle será remitido pola Dirección e no que figurarán entre outras cousas as medidas disciplinarias tomadas coas correspondentes sancións impostas, o funcionamento da Aula de Convivencia, co número de alumno/as que asistiron a ela e as actividades feitas na mesma cunha valoración dos resultados obtidos, as conmemoracións, actuacións, propostas de

formación ou calquera outra iniciativa relacionada coa promoción da convivencia no centro, e calquera outro tipo de aspectos que se consideren de interese para figurar no informe trimestral.

O Comisión da Convivencia poderá facer propostas de cambio ou formular iniciativas que poidan axudar á mellora da convivencia e que serán recollidas nas actas das reunións e incorporadas á memoria anual da convivencia no centro que se fará ao final de cada curso académico. Todas as iniciativas deste Comisión xunto co informe trimestral elaborado pola Dirección do Centro serán remitidas ao Consello Escolar e figurarán na orde do día da convocatoria de reunión do mesmo, para que estea informado e, se corresponde, adopte iniciativas ao respecto. Tamén se debe informar a Comisión Pedagóxica e ao Claustro de Profesores dos aspectos máis relevantes relacionados coa evolución da convivencia, para que teñan coñecemento periódico da evolución da mesma e a posibilidade de aportar opinións ou iniciativas que poidan servir para a mellora da mesma.

A dirección elaborará unha memoria da convivencia no centro ao final do curso académico que recollerá un resumo dos informes trimestrais, as iniciativas aportadas polo Comisión da Convivencia no Centro ou a de calquera outro órgano ou individuo que se considere relevante e que formará parte do Plan Xeral Anual de cada curso Académico.

Ao principio de cada curso reunirse o Comisión da Convivencia no Centro que aprobará o novo Plan de Convivencia despois de estudar a memoria do curso anterior e plantexar todas as iniciativas e cambios que considere pertinentes. Dito plan será levado ao Consello Escolar para que lle dea a súa aprobación definitiva.

#### **4.5. Recursos humanos e materiais**

Como se pon de manifesto analizando todo o exposto ata este momento, os recursos dos que dispón o centro para actuar no ámbito da convivencia son todos e en todo momento, xa que aínda que o obxectivo dunha determinada actividade, dende a impartición dunha clase normal ata unha saída académica ao exterior, aínda que non se explicita en cada caso, sempre está relacionado coa convivencia dentro da comunidade educativa e para conseguir o resultado desexado, é necesario actuar como conxunto organizado e dalgunha maneira, a finalidade asociada a toda actividade e tamén mellorar as relacións entre os seus membros e aprender a convivir mellor.

Aparte desa reflexión xeral, poderíamos distinguir e pararnos en definir algúns elementos específicos que inciden directamente e teñen como finalidade concreta actuacións encamiñadas á mellora da convivencia no centro. Estaríamos a falar dun espazo específico dedicado á mellora da convivencia que será a Aula de Convivencia do Centro, o Compromiso de Convivencia, a organización dun Sistema de Mediación que nos permita enfrontar e darlle solucións a certos tipos de conflitos dentro dun marco organizado e perfectamente regulado e, por último, estudar a posibilidade de establecer sistemas cooperativos que melloren as relacións do alumnado no centro, analizando a viabilidade de poñer en marcha un programa de colaboración entre alumno/as ao que aquí no referimos como Programa de Alumnado Axudante.

[volver](#)

#### 4.5.1. Aula de Convivencia

A posibilidade de implantación das aulas de convivencia para o tratamento individualizado do alumnado que, como consecuencia da imposición dunha corrección ou medida disciplinaria por algunha das condutas tipificadas se vexa privado do seu dereito a participar no normal desenvolvemento das actividades lectivas.

A posibilidade de creación das mesmas estará supeditada a que o centro conte cun número suficiente de profesores e profesoras que se encargue da atención educativa do alumnado e que dispoñamos de espazos para poder levala a cabo.

##### OBXECTIVOS:

- Habilitar un espazo que proporcione ao alumnado as condicións necesarias para reflexionar sobre a súa conduta contraria ás normas de convivencia, o seu comportamento en determinados conflitos e sobre como afecta todo isto ao desenvolvemento das clases.
- Posibilitar que aprendan a responsabilizarse das súas propias accións, pensamentos, sentimentos e comunicacións cos demais.
- Contribuír a desenvolver actitudes cooperativas, solidarias e de respecto.
- Reconstruír e favorecer a súa autoestima e autocontrol.
- Evitar a desconexión da dinámica escolar e as lagoas que se poidan producir como consecuencia da inasistencia total ao centro por motivos de sanción.
- Mellorar a vida académica e persoal do alumno ou alumna.

##### ATENCIÓN DO ALUMNADO NA AULA DE CONVIVENCIA.

Axustarase aos seguintes criterios:

- O alumnado poderá acudir exclusivamente cando se vexa privado do seu dereito a participar no normal desenvolvemento das actividades lectivas como consecuencia da imposición dunha corrección ou medida disciplinaria por algunha das condutas tipificadas no RRI.

- Non todos os alumnos ou alumnas sancionados teñen que ser derivados a dita Aula, só poderán ser derivados á mesma, aqueles para os que, segundo a opinión do titor/a, existen posibilidades reais de conseguirse os obxectivos da aula.

- Será preciso que os alumnos/as e os seus pais/nais ou representantes legais subscriban un compromiso pedagóxico de comportamento na aula, asistencia regular á mesma e realización das tarefas establecidas.

- O horario de permanencia na aula dependerá do profesorado existente para a súa atención.

- O número máximo de alumno/as que asistan simultaneamente á aula de Convivencia non debe exceder de 3.

[volver](#)

- Débense formar grupos diferenciados en función das idades dos alumno/as e tipos de actuacións que motivaron a sanción.
- O número de profesorado que atende a un alumno/a no período de asistencia á aula debe ser o mínimo posible.
- O profesorado asignado á atención do alumnado na aula debe estar especialmente motivado cara a atención de alumnado con dificultades e ás vías inclusivas e cooperativas de resolución de conflitos.
- O número de veces que un alumno/a é derivado/a á aula de convivencia non debería sobrepasar a dúas veces por curso, en calquera caso teranse en conta sempre a idade do alumnado e posibilidades de mellora da súa conduta.

#### REQUISITOS PARA A IMPLANTACIÓN DA MEDIDA:

- Que o centro conte co profesorado suficiente para atender a aula de convivencia nas condicións marcadas anteriormente.
- Que se conte cun espazo axeitado.
- Que a medida conte coa aceptación necesaria por parte do profesorado do centro.
- Que se conte con materiais suficientes para a atención do alumnado na aula tanto para a continuidade de contidos curriculares como para levar a cabo procesos de reflexión e desenvolvemento persoal.
- Manter mensualmente reunións co titor/a do grupo para manter actuacións coordinadas.

#### 4.5.3. Mediación na resolución de conflitos

Como xa se expresou no apartado correspondente, a mediación escolar é o método de resolución de conflitos aplicable ás situacións nas que as partes chegaron a un punto no que a comunicación entre ambas está bloqueada e polo tanto, non poden intentar resolver as súas desavéñenhas a través da negociación directa. É unha relación que se desenvolve de forma habitual en todos os ámbitos da vida e aquí referímonos á que está centrada na convivencia escolar para previr, mediar e resolver conflitos que puideran plantexarse no centro entre os distintos membros da comunidade educativa.

[volver](#)

## 5. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

### 5.1 Espazos e tempos

Os espazos para a convivencia son todos nos que se realiza a tarefa do aprendizaxe, cun lugar que é o centro neurálxico do sistema e que se este funciona todos os lugares subordinados a el deberían de funcionar, estamos a falar da aula. Para que esta funcione con regularidade e orde terán que cumprirse unhas normas específicas da mesma e que agora non existen aínda que rexen as xerais do centro. Teremos que observar rigorosamente e analizar con periodicidade se este lugar evoluciona favorablemente e sacar consecuencias dese análise. Pero tampouco debemos descoidar outros espazos subordinados que as veces por estar peor controlados son motivo de abusos que poden pasar desapercibidos no momento que se producen, e ser detectados demasiado tarde, refírome as propias aulas entre clase e clase, cando carecen de profesor/a, ou os recreos. Haberá que prestar moita atención a estes lugares como xa se fai habitualmente para evitar destrozos ou máis gravemente problemas de acoso entre alumno/as ou altercados varios, teremos que tratar estes temas en profundidade para evitar que se produzan.

En canto aos tempos, tamén son en cada momento aplicando as normas e actuando nos distintos planos que xa se veñen facendo con regularidade, a través da tutoría ou da xefatura de estudos para atallar altercados e poñerlle coto aos conflitos habituais seguindo protocolos e normas establecidas e as que se poden poñer en marcha. Como momentos de reflexión e análise especiais teremos as reunións do Comisión da Convivencia, onde se estudarán pausadamente os informes presentados, discutiránse, aportaranse iniciativas e cambios que se considere que poden mellorar o sistema. Especialmente o estudo da memoria anual da convivencia permitiranos unha visión global do conxunto e unha importante oportunidade para introducir melloras ao comezo de cada curso académico.

### 5.2 Instrumentos

Instrumentos para traballar no ámbito da convivencia temos bastantes pero haberá que preocuparse de que funcionen correctamente. Temos o traballo de cada profesor/a cos seus alumno/as dentro da aula, que ademais de impartir unhas materias e ensinar unhas habilidades terá que preocuparse porque a convivencia entre os alumno/as sexa harmónica e haxa respecto entre uns e outros. Isto conséguese cunha boa coordinación entre o profesorado, de maneira que nestes temas todos funcionen cunha mesma voz seguindo pautas claras que os alumno/as poidan identificar como normas que deben ser respectadas por todos e en todo momento.

Temos a importante función do titor/a e o plan de acción tutorial, coa súa posición de intermediario entre os alumno/as, as súas familias e o equipo directivo, e a súa hora semanal dedicada á tutoría na que coa axuda do orientador pode encarrilar aos alumno/as no camiño adecuado da convivencia, tratando temas e debatendo sobre os mesmos que poidan axudar a reflexionar sobre asuntos que logo na práctica melloren as relacións interpersoais e as condutas sociais

[volver](#)

Contamos con métodos preventivos e correctores de condutas erróneas, como a derivación de certos alumno/as a Aula de Convivencias para que reflexionen sobre os seus actos e fagan exercicios que poidan mellorar as súas actitudes cara aos demais.

Teremos que poñer en marcha un sistema de resolución de conflitos de maneira que a través de intermediarios se poidan resolver civilizadamente as discrepancias, que poidan xurdir entre as persoas na súa convivencia diaria.

Temos todas as accións sinaladas neste plan que se poden poñer en práctica e desenvolver actividades na que participen os alumno/as e aprendan a colaborar para mellorar o seu comportamento en sociedade.

E, como última solución, contamos cunhas Normas de Orden e Funcionamento, que tamén pode ser estudado e actualizado cando se considere necesario, que nos permite analizar os actos que son contrarios as normas de convivencia e intentar corrixilos e en última instancia aplicar as sancións correspondentes, cando haxa actitudes individuais ou colectivas que resulten intolerables, e todo iso coa seguridade de que actuamos correctamente, amparados por unhas normas que se encontran dentro da legalidade vixente.

### 5.3 Recursos

Os recursos que temos é o noso persoal que actúa en todo momento exercendo a súa función e que é o máis interesado en que haxa unha convivencia correcta e axustada ás normas, e o espazo no que se desenvolve a actividade educativa, funcións relacionadas coa ensinanza-aprendizaxe que é o cometido e o sentido que ten este servizo público.

Canto mellores sexan as condicións de traballo, a dispoñibilidade de espazos para desenvolver as distintas actividades, máis eficaces poderemos ser para conseguir uns índices adecuados de convivencia. Se contamos cun número de alumno/as por aula manexable, dispoñibilidade de persoal para cubrir gardas e actividades de apoio, podemos facer fronte aos temas que vaian xurdindo e máis atención lle poderemos prestar a alumno/as que presenten dificultades de integración ou outro tipo de necesidades que requiran unha atención individualizada. Se a dispoñibilidade de persoal e tempo e máis escasa as dificultades de solucionarlos aumentarán e a atención os problemas necesariamente será menor.

## 6. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA

Este plan ten unha gran cantidade de intencións para abordar temas de convivencia de maneira coordinada e global. Todas estas posibilidades temos que poñelas en práctica, e será o análise de todo ese proceso o que nos axudará a entender as medidas futuras que temos que adoptar a partir das premisas que aquí se expoñen.

Será a través da reflexión continuada, dos acertos e deficiencias das medidas adoptadas, como poderemos mellorar e progresar na consecución deste aspecto fundamental que é a convivencia harmónica dentro da comunidade educativa, da que formamos e da futura sociedade da que entrarán a formar parte como adultos os alumno/as que actualmente se encontran inmersos nun proceso de aprendizaxe que, aparte de habilitalos cunha formación básica, terá que convertelos en cidadáns activos nunha sociedade civilizada e democrática.

[volver](#)

ESTE PLAN DE CONVIVENCIA FOI APROBADO:

- Polo consello escolar en reunión ordinaria do día 14 de decembro de 2016

Pontevedra, 21 de Decembro de 2016



A handwritten signature in blue ink, consisting of stylized, overlapping loops and lines.